



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 531

IX lexislatura

7 de outubro de 2015

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei de transparencia e bo goberno [- 42373 (09/PL-000028)]

[124883](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de outubro de 2015, de asignación a Comisión da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 31372, 09/PPLC-000014)

[124879](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

- 42291 - 42369 (09/MOC-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 38367, publicada no BOPG núm. 509, do 27.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015)

[124976](#)

- 42301 (09/MOC-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como

a situación das listas de espera no Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 37755, publicada no BOPG núm. 477, do 10.06.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015) [124979](#)

- 42371 (09/MOC-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 39353, publicada no BOPG núm. 504, do 10.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 20.09.2015) [124981](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

- 42249 (09/PNP-003078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co documento titulado *Proceso asistencial integrado de atención temperá*, publicado na páxina web do Sergas [124983](#)

- 41932 (09/PNP-003048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos postos de persoal de transporte interno e xestión auxiliar, ou TIXA, creados no novo hospital de Vigo e o cadro de persoal do centro [124987](#)

- 41997 (09/PNP-003049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto do grao de cumprimento da Directiva marco da auga e, singularmente, dos seus obxectivos medioambientais [124989](#)

- 42002 (09/PNP-003051)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co recoñecemento profesional da titulación de Enxeñaría Química [124992](#)

- 42010 (09/PNP-003052)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión da illa de San Simón como centro de recuperación da memoria histórica [124994](#)

- 42031 (09/PNP-003053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a extensión das bonificacións que se están a implantar no transporte urbano da cidade de Vigo a todos os cidadáns da provincia de Ourense que teñan que desprazarse ao Hospital Álvaro Cunqueiro por motivos sanitarios [124998](#)

- 42034 (09/PNP-003054)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a dotación de material de primeiros auxilios ao persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais [125000](#)

- 42039 (09/PNP-003055)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa reparación da memoria histórica [125002](#)

- 42046 (09/PNP-003056)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia da categoría profesional de bombeiro forestal ao persoal das distintas categorías do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais [125006](#)

- 42048 (09/PNP-003057)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais [125008](#)

- 42055 (09/PNP-003058)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas cotizacións á Seguridade Social do cadro de persoal da CRTVG [125011](#)

- 42060 (09/PNP-003059)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posta en valor da cohesión e da unidade de España, coa fortaleza democrática das súas institucións e coa defensa da soberanía nacional e do seu Estado de dereito, así como co respecto dos dereitos e liberdades fundamentais da cidadanía [125013](#)

- 42067 (09/PNP-003060)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a garantía polo Goberno galego da cobertura do servizo que presta o helicóptero do 061 mentres hai luz diúrna en todas as xornadas do ano, e, en particular, nos meses de verán [125015](#)

- 42075 (09/PNP-003061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a colaboración do Goberno galego na investigación das posibles causas do afundimento, o 16 de decembro de 2014, do bateiro *Paquito nº Dos*, así como o seu reflotamento [125018](#)

- 42083 (09/PNP-003062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impedir a fraude ao consumidor na etiquetaxe das conservas de mexillón [125021](#)

- 42093 (09/PNP-003063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo en Galicia da empresa Vodafone [125024](#)

- 42097 (09/PNP-003064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a inclusión, antes do remate do ano 2015, da vacina contra a meninxite tipo B no calendario de vacinación obrigatoria [125027](#)

- 42100 (09/PNP-003065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego ante a Unión Europea dunha modificación normativa para facilitarlles aos consumidores toda a información referida aos produtos pesqueiros e marisqueiros que consomen e na que se especifique claramente Galicia como lugar de orixe [125029](#)

- 42103 (09/PNP-003066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia para a implantación, antes do remate do ano 2015, da nova oficina xudicial nos xulgados das sete grandes cidades galegas, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial [125031](#)

- 42135 (09/PNP-003067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión económica e do persoal que está a levar a cabo a Empresa Pública de Servizos Agrarios, Seaga [125033](#)

- 42141 (09/PNP-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas da rede de abastecemento de auga dos concellos da Rúa e Petín [125038](#)

- 42149 (09/PNP-003069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a condonación polo Goberno galego das débedas das comunidades de montes con consorcio e/ou convenio á entrada en vigor da Lei de montes de Galicia e a consignación para o ano 2016 dos recursos orzamentarios necesarios para ese fin [125041](#)

- 42155 (09/PNP-003070)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a implantación do Programa de reforzo, orientación e apoio, ou Proa, en todos os centros educativos que o soliciten [125044](#)

- 42157 (09/PNP-003071)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adaptación á Directiva Marco da Auga da Unión Europea dos plans hidrolóxicos das bacías intercomunitarias presentados para o período 2016-2021 e que afecten Galicia [125047](#)

- 42165 (09/PNP-003072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre a adopción polo Goberno galego de medidas para a aplicación do reinvestimento dos ingresos das comunidades de montes no propio monte [125049](#)

- 42171 (09/PNP-003073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre a introdución polo Goberno galego, na vixente lexislación de montes, de modelos de agrupación de terras do tipo das extintas unidades de xestión forestal [125052](#)

- 42176 (09/PNP-003074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e ao Adif en relación co proxecto de conversión do aparcadoiro público situado diante da estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa nun aparcadoiro de pago [125054](#)

- 42200 (09/PNP-003075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel

Sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para a posta en práctica das conclusións da I Xornada Técnica de Reflexións sobre Pesca Artesanal, organizada pola Federación de Confrarías de Lugo [125057](#)

- 42207 (09/PNP-003076)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto nos intereses dos gandeiros galegos do Real decreto 849/2015, do 28 de setembro, no que se establecen as normas reguladoras para a concesión das axudas destinadas a compensar a situación do sector lácteo [125060](#)

- 42222 (09/PNP-003077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de asignar ao persoal dunha empresa privada no novo hospital de Vigo parte das funcións recoñecidas ao persoal estatuario da categoría de celador ou celadora [125063](#)

- 42257 (09/PNP-003079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia ante o Goberno central e o comisario de Pesca da Unión Europea para incluír a frota cefalodopeira galega no novo acordo de pesca con Mauritania [125066](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei de transparencia e bo goberno

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 42373 (09/PL-000028)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de transparencia e bo goberno

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Logo de audiencia da Xunta de Portavoces do 6 de outubro de 2015, asignalo á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 26 de outubro de 2015, ás 18.30 horas.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 6 de outubro de 2015, de asignación a Comisión da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 31372, 09/PPLC-000014)

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 6 de outubro de 2015, tomou coñecemento do acordo de toma en consideración polo Pleno da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, e adoptou o seguinte acordo:

1º. Asignar, oída a Xunta de Portavoces na reunión do 6 de outubro de 2015, a referida proposición de lei á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

2º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas ao articulado, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo e que rematará o día 26 de outubro de 2015, ás 18.30 horas.

3º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de outubro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 42291 - 42369 (09/MOC-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 38367, publicada no BOPG núm. 509, do 27.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015)

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 42369.

- 42301 (09/MOC-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 37755, publicada no BOPG núm. 477, do 10.06.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015)

- 42371 (09/MOC-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 39353, publicada no BOPG núm. 504, do 10.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 20.09.2015)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 42249 (09/PNP-003078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co documento titulado *Proceso asistencial integrado de atención temperá*, publicado na páxina web do Sergas.

Admisión a trámite e publicación

- 41932 (09/PNP-003048)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos postos de persoal de transporte interno e xestión auxiliar, ou TIXA, creados no novo hospital de Vigo e o cadro de persoal do centro

- 41997 (09/PNP-003049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto do grao de cumprimento da Directiva marco da auga e, singularmente, dos seus obxectivos medioambientais

- 42002 (09/PNP-003051)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co recoñecemento profesional da titulación de Enxeñaría Química

- 42010 (09/PNP-003052)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión da illa de San Simón como centro de recuperación da memoria histórica

- 42031 (09/PNP-003053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a extensión das bonificacións que se están a implantar no transporte urbano da cidade de Vigo a todos os cidadáns da provincia de Ourense que teñan que desprazarse ao Hospital Álvaro Cunqueiro por motivos sanitarios

- 42034 (09/PNP-003054)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a dotación de material de primeiros auxilios ao persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

- 42039 (09/PNP-003055)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa reparación da memoria histórica

- 42046 (09/PNP-003056)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia da categoría profesional de bombeiro forestal ao persoal das distintas categorías do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

- 42048 (09/PNP-003057)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais

- 42055 (09/PNP-003058)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas cotizacións á Seguridade Social do cadro de persoal da CRTVG

- 42060 (09/PNP-003059)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posta en valor da cohesión e da unidade de España, coa fortaleza democrática das súas institucións e coa defensa da soberanía nacional e do seu Estado de dereito, así como co respecto dos dereitos e liberdades fundamentais da cidadanía

- 42067 (09/PNP-003060)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a garantía polo Goberno galego da cobertura do servizo que presta o helicóptero do 061 mentres hai luz diúrna en todas as xornadas do ano, e, en particular, nos meses de verán

- 42075 (09/PNP-003061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a colaboración do Goberno galego na investigación das posibles causas do afundimento, o 16 de decembro de 2014, do bateiro *Paquito n° Dos*, así como o seu reflotamento

- 42083 (09/PNP-003062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impedir a fraude ao consumidor na etiquetaxe das conservas de mexillón

- 42093 (09/PNP-003063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo en Galicia da empresa Vodafone

- 42097 (09/PNP-003064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a inclusión, antes do remate do ano 2015, da vacina contra a meninxite tipo B no calendario de vacinación obrigatoria

- 42100 (09/PNP-003065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego ante a Unión Europea dunha modificación normativa para facilitarlles aos consumidores toda a información referida aos produtos pesqueiros e marisqueiros que consomen e na que se especifique claramente Galicia como lugar de orixe

- 42103 (09/PNP-003066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia para a implantación, antes do remate do ano 2015, da nova oficina xudicial nos xulgados das sete grandes cidades galegas, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial

- 42135 (09/PNP-003067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión económica e do persoal que está a levar a cabo a Empresa Pública de Servizos Agrarios, Seaga

- 42141 (09/PNP-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas da rede de abastecemento de auga dos concellos da Rúa e Petín

- 42149 (09/PNP-003069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a condonación polo Goberno galego das débedas das comunidades de montes con consorcio e/ou convenio á entrada en vigor da Lei de montes de Galicia e a consignación para o ano 2016 dos recursos orzamentarios necesarios para ese fin

- 42155 (09/PNP-003070)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a implantación do Programa de reforzo, orientación e apoio, ou Proa, en todos os centros educativos que o soliciten

- 42157 (09/PNP-003071)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adaptación á Directiva Marco da Auga da Unión Europea dos plans hidrolóxicos das bacías intercomunitarias presentados para o período 2016-2021 e que afecten Galicia

- 42165 (09/PNP-003072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a adopción polo Goberno galego de medidas para a aplicación do reinvestimento dos ingresos das comunidades de montes no propio monte

- 42171 (09/PNP-003073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a introdución polo Goberno galego, na vixente lexislación de montes, de modelos de agrupación de terras do tipo das extintas unidades de xestión forestal

- 42176 (09/PNP-003074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e ao Adif en relación co proxecto de conversión do aparcadoiro público situado diante da estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa nun aparcadoiro de pago

- 42200 (09/PNP-003075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para a posta en práctica das conclusións da I Xornada Técnica de Reflexións sobre Pesca Artesanal, organizada pola Federación de Confrarías de Lugo

- 42207 (09/PNP-003076)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co impacto nos intereses dos gandeiros galegos do Real decreto 849/2015, do 28 de setembro, no que se establecen as normas reguladoras para a concesión das axudas destinadas a compensar a situación do sector lácteo

- 42222 (09/PNP-003077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de asignar ao persoal dunha empresa privada no novo hospital de Vigo parte das funcións recoñecidas ao persoal estatuario da categoría de celador ou celadora

- 42257 (09/PNP-003079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia ante o Goberno central e o comisario de Pesca da Unión Europea para incluír a frota cefalodopeira galega no novo acordo de pesca con Mauritania

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de Lei de de transparencia e bo goberno**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 24 de setembro de 2015.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 2 OUT. 2015
Núm 42373

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de transparencia e bo goberno*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e catro de setembro de dous mil quince.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

Proxecto de Lei de transparencia e bo goberno



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A importancia do control cidadán sobre a actividade governamental nunha democracia queda acreditada desde os debates que precederon á promulgación da primeira Constitución democrática da historia. Nos chamados «papeis federalistas», pensadores como James Madison ou Alexander Hamilton introducían os conceptos de «rendición de contas» ou «controis e contrapesos» como elementos esenciais que se atopan na raíz da democracia.

Unha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

Nese sentido, os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

II

No ordenamento xurídico estatal, xa a propia Constitución prevé como unha obriga a regulación do acceso cidadán a determinada información administrativa. Ao mesmo tempo, o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, non se debe entender limitado, como dicíamos, ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, control e vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Con esa vocación, as Cortes Xerais aprobaron a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Unha norma que é, na súa maior parte, de contido básico e, en consecuencia, resulta de aplicación ás institucións autonómicas no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, tal e como está indicado na disposición derradeira novena da dita norma.





Esta lei establece as obrigas de difusión de determinada información pública a través da internet, concretando un catálogo mínimo de datos que ofrecer. Por outra banda, regula o dereito da cidadanía a solicitar do Goberno calquera outra información pública que xulgue oportuna, concretando os límites dese dereito e establecendo a posibilidade, en todo caso, de recurso contra as resolucións denegatorias emitidas polas administracións.

Finalmente, a devandita lei establece uns principios básicos de bo goberno para os altos cargos das administracións públicas estatais, e deixa ao cargo de cada unha delas a lexislación concreta sobre as súas normas de conduta e control das incompatibilidades.


III

No eido galego, a rendición de contas fora xa abordada por dúas leis específicas: por unha banda, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, e, por outra, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Ambas as dúas normas teñen a súa cerna no deber fundamental, encomendado polo Estatuto de autonomía aos poderes públicos galegos, de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, e teñen o seu sustento legal no artigo 28.1 do mesmo estatuto, que reconece a competencia da Comunidade Autónoma galega para regular o réxime xurídico da Administración pública de Galicia.

As dúas leis supuxeron importantes avances no control da actividade pública en Galicia. A Lei 9/1996 fixou o primeiro réxime de incompatibilidades dos responsables públicos de Galicia, instaurando as precaucións necesarias para garantir a súa obxectividade e imparcialidade. A Lei 4/2006, pola súa banda, introduciu a transparencia como principio reitor da actividade da Administración autonómica e supuxo a concreción legal de prácticas hoxe habituais como a publicación da información sobre os convenios e contratos públicos, as convocatorias de subvencións e a resolución destas ou a información retributiva dos cargos públicos.

As obrigas de transparencia e bo goberno exigidas por estas leis foron uníndose, ao longo dos anos, outras obrigas en leis sectoriais reguladoras de materias como





as subvencións, a ordenación urbanística, as prestacións sanitarias, o sistema de arquivos, a calidade dos servizos públicos e mesmo na propia Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.


En calquera caso, a crecente exigencia cidadá de control público da actividade das institucións, así como a necesidade de adaptar as leis existentes en Galicia ao novo marco legal derivado da aprobación de nova lexislación básica, aconsellan a aprobación dun novo texto. Unha nova norma que, ademais de avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e superalos, integre nun mesmo texto toda a regulación referida á rendición de contas dos poderes públicos galegos, tanto no que respecta aos datos derivados da súa actividade administrativa e gobernamental como no tocante aos mecanismos de control das boas prácticas por parte das persoas que teñen responsabilidades públicas. Unha nova norma que, nos momentos previos á súa remisión ao Parlamento, estea suxeita a un proceso de participación cidadá que terá resultado na incorporación de achegas cidadás á súa redacción final.

Polo que respecta ao fundamento competencial desta norma, o título I dítase en exercicio da competencia autonómica exclusiva en materia de organización das súas institucións de autogoberno recollida no artigo 27.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, da competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública de Galicia recollida nos artigos 28.1 e 39 do mesmo texto legal, en relación co artigo 148.1.1 da Constitución, dentro do marco lexislativo básico ditado polo Estado.

As materias do título II baixo a rúbrica de "bo goberno", ten o seu fundamento nas competencias da Comunidade Autónoma para regular por lei o alcance da responsabilidade e o estatuto persoal do membros da Xunta, na competencia autonómica en materia de organización das súas institucións de autogoberno, de conformidade co previsto no artigo 27.1 e 39 en relación co artigo 16 do Estatuto de autonomía de Galicia.

IV

Deste xeito, a presente lei estrutúrase nun título preliminar e tres títulos numerados, cada un deles dedicado á regulación dun dos dous obxectivos fundamentais mencionados no propio nome da lei: a transparencia e o bo





gobierno das administracións públicas autonómicas, ademais do réxime sancionador.

Así, en primeiro lugar, o título preliminar establece o obxecto da lei e marca aqueles principios polos cales se deberá rexer a súa aplicación.

A continuación, o título I céntrase no eido da transparencia. O seu capítulo I define aqueles suxeitos aos cales serán de aplicación as obrigas de transparencia e regula, así mesmo, a obriga doutros suxeitos de colaboraren con aqueles na satisfacción das solicitudes de información pública introducindo, como novidade respecto ao marco básico, a posibilidade de aplicar multas coercitivas no caso de ausencia desta necesaria colaboración.

No capítulo II deste título establécense obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que, pola súa vez, amplían as establecidas pola Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Así, márcanse novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Pero non só é importante a cantidade dos contidos ofertados senón a calidade destes, e mesmo o seu formato. Por isto, o capítulo III deste primeiro título recolle como modalidade preferente de difusión da información pública os formatos abertos, que permitan á cidadanía a reutilización dos datos públicos.

No seu capítulo IV, o título I aborda a regulación do dereito cidadán ao acceso á información pública, máis alá daquela que sexa ofertada en virtude do disposto no capítulo I. Deste xeito, determínase o procedemento pertinente, establecendo a necesaria obriga das administracións públicas de facilitar á cidadanía aquela orientación e asesoramento que precise, así como de proporcionarlle modelos normalizados de solicitudes e canles electrónicas para tramitalas.

Por último, o capítulo V regula os necesarios mecanismos de coordinación e control das ditas obrigas de transparencia. Así, en primeiro lugar regula o Portal de transparencia e Goberno aberto, en que o sector público autonómico deberá dar conta das obrigas de publicidade activa. En segundo lugar, organiza os mecanismos internos de coordinación dentro do sector público autonómico para lles dar cumprimento ás solicitudes de información pública e, por último, de



conformidade coa posibilidade regulada na disposición adicional cuarta da lei básica, determina o órgano independente capaz de resolver as reclamacións sobre resolucións denegatorias ás ditas solicitudes. Para garantir a auténtica independencia deste órgano, óptase pola atribución desta competencia ao Valedor do Pobo, institución estatutaria de contrastada independencia, ao ter garantido na súa lei reguladora que nin o seu nomeamento nin o seu cesamento sexan potestade do Goberno autonómico senón do Parlamento.

O título II desta lei, pola súa banda, centra a súa atención nos mecanismos de bo goberno e control da actividade das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico. En concreto, o capítulo I deste título procede a regular con precisión, en primeiro lugar, o repertorio de persoas que teñen a consideración de alto cargo e, a seguir, as obrigas que as acompañan no exercicio desa responsabilidade, dando rango legal á necesaria existencia dun código ético institucional no eido do sector público autonómico.

No tocante ás incompatibilidades, partindo do principio xeral de dedicación exclusiva, establece as oportunas, razoables e limitadas excepcións a esta e pasa, a continuación, a potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do seu cargo. Así, establécese como principal novidade respecto á lexislación vixente a obriga de absterse nas tomas de decisións relativas a persoas xurídicas ou entidades privadas das cales o alto cargo tivese parte na súa dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.

Xunto con este exemplo, o control sobre os eventuais conflitos de intereses das persoas que ocupan altos cargos vese ampliado tamén pola introdución da obriga para estas persoas de ter que informar a Oficina de Incompatibilidades, durante os dous anos seguintes ao seu cesamento, daquelas actividades que vaian realizar, para que a dita oficina poida informar sobre a súa compatibilidade.

Finalmente, o control da actividade das persoas que ocupan altos cargos non se circunscribe unicamente ao ámbito interno senón que se fai público a través da publicidade da información recollida nas declaracións de actividades e bens destas persoas. Polo tanto, grazas á publicación das declaracións de actividades, a cidadanía poderá coñecer as actividades desenvolvidas por cada unha destas persoas nos dous anos anteriores á súa toma de posesión, o que, sumado á obrigatoria publicación das resolucións de compatibilidade aprobadas tras o cesamento, lles proporcionará ás galegas e aos galegos unha completa






información sobre a traxectoria de quen xestiona ou xestionou os recursos públicos.

No entanto, no relativo ás declaracións de bens, esténdese a obriga de publicidade que a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, estableceu para os membros do Goberno. A partir da entrada en vigor desta lei, serán todas as persoas que ocupen altos cargos as que deban facer pública a súa información patrimonial tanto no momento do seu nomeamento coma no do seu cesamento, permitindo un escrutinio público sobre a evolución do dito patrimonio.

O capítulo II deste segundo título incide sobre as boas prácticas especificamente relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da delimitación da consideración do Goberno en funcións recollida no artigo 17 do Estatuto de autonomía de Galicia, procédese a limitar as súas facultades durante este período, garantindo que a súa actividade non poida condicionar de xeito substancial a actividade do Goberno que o suceda. Do mesmo xeito, regúlanse as obrigas dese goberno en funcións de lle proporcionar ao futuro Goberno toda aquela información necesaria para iniciar a súa xestión, establecéndose unha completa relación de documentación que deberá ser obxecto de transmisión durante o proceso de traspaso de poderes entre os gobernos saínte e entrante.

O título III establece o réxime sancionador derivado dos incumprimentos en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses. Así mesmo, en desenvolvemento das infraccións en xestión económico-orzamentaria e das infraccións disciplinarias reguladas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, precísase o seu procedemento sancionador, ademais de incorporar ao catálogo de infraccións disciplinarias dispostas pola lei básica aquelas outras derivadas do incumprimento das obrigas de transparencia previstas nesta lei.

A parte final desta lei está conformada por cinco disposicións adicionais, tres transitorias, unha derogatoria e catro derradeiras. Nelas procédese, por exemplo, a engadir a ponderación do criterio de custo nos procedementos de contratación á do criterio prezo, introducida mediante o artigo 10 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. En liña coas recentes directivas europeas na materia, incorpórase o factor custo, entendido como custo do ciclo de vida, como elemento máis preciso e eficiente para a determinación das adxudicacións. A dita novidade incorpórase ao texto legal que






actualmente aglutina en Galicia toda a regulación sobre contratación pública no sector público autonómico: a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Por outra banda, consolídase un elemento de control da actividade pública que fora introducido en inicio pola Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, pero que, ao contrario que o resto do articulado da dita lei, ten unha vocación de vixencia indefinida. Trátase da capacidade do Consello da Xunta para homologar os criterios retributivos do persoal directivo das entidades do sector público autonómico, unha regulación que agora pasa a inserirse dentro da propia Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e que, polo tanto, se traslada ao núcleo básico da normativa autonómica sobre réxime xurídico do noso sector público.

O resto das disposicións incluídas na parte final dedícase, de xeito fundamental, a definir os compromisos de desenvolvemento regulamentario e a marcar as transitoriedades necesarias ata que o dito desenvolvemento estea plenamente culminado, así como a marcar o momento de entrada en vigor da lei.






XUNTA DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente lei ten por obxecto regular a transparencia na actividade da Administración pública e o dereito da cidadanía a acceder á información pública.
2. Así mesmo, é obxecto desta lei establecer o réxime xurídico das obrigas de bo goberno que deben cumprir os/as responsables públicos/as, incluíndo o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control dos seus bens patrimoniais.






Artigo 2. Principios reitores da lei

A interpretación e aplicación da presente lei rexeranse polos seguintes principios:

- a) Principio de transparencia da actividade pública, que garanta e promova unha actividade pública fundada na accesibilidade da información á cidadanía e a permanente actualización da información, fundamentalmente por vía electrónica.
- b) Principio de acceso libre e gratuíto á información pública, respectando en todo caso os límites previstos na lexislación de protección de datos persoais e demais normativa aplicable na materia.
- c) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información como os instrumentos e ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- d) Principio de reutilización da información, facilitando que a cidadanía aproveite, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.
- e) Principios de honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e a todas as persoas no relativo á actuación dos altos cargos.





TÍTULO I

Transparencia da actividade pública


CAPÍTULO I

Ámbito subxectivo de aplicación

Artigo 3. *Ámbito subxectivo de aplicación*

1. As disposicións deste título serán de aplicación:

- a) Ao sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais do seu sector público.
- b) Ás universidades do Sistema universitario de Galicia e ás entidades vinculadas ou dependentes delas.
- c) Ás corporacións de dereito público que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo ás súas actividades suxeitas a dereito administrativo.
- d) Ao Parlamento de Galicia, ao Consello Consultivo, ao Valedor do Pobo, ao Consello de Contas, ao Consello Económico e Social, ao Consello Galego de Relacións Laborais e ao Consello da Cultura Galega en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación.
- e) A todos os demais entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia distinta dos expresados nas alíneas anteriores, que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos dos indicados nas alíneas anteriores financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.





XUNTA DE GALICIA

f) Ás asociacións constituídas polos entes, organismos ou entidades anteriores.

2. Os suxeitos a que se refire o artigo 3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que actúen no ámbito autonómico, darán cumprimento ás súas obrigas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Official stamp of the Xunta de Galicia, with a signature over it.



Artigo 4. Obriga de subministración de información

1. Todas as persoas físicas ou xurídicas distintas das indicadas no artigo anterior, que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, estarán obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas neste título.


2. Esta obriga de subministrar información estenderase:

a) A todos os adxudicatarios de contratos do sector público nos termos previstos no respectivo contrato.

b) A todas as persoas beneficiarias de subvencións nos termos previstos na normativa reguladora destas e na resolución da súa concesión.

3. Para garantir o cumprimento do previsto neste e no anterior artigo, as bases reguladoras das subvencións, así como a documentación contractual ou os negocios xurídicos que instrumenten a prestación dos servizos públicos ou o exercicio de potestades públicas, recollerán expresamente esta obriga de subministración de información e as consecuencias do seu incumprimento.

4. Regulamentariamente determinarase o procedemento que cómpre seguir para o cumprimento desta obriga, así como as multas coercitivas aplicables nos supostos en que o requirimento de información non sexa atendido en prazo. As devanditas multas non poderán exceder o 5 % do importe do contrato, convenio ou subvención.






CAPÍTULO II

Publicidade activa

Artigo 5. *Principios xerais*

1. Os suxeitos citados no artigo 3 deberán publicar de forma periódica e actualizada a información establecida na normativa básica en materia de transparencia da actividade pública e, así mesmo, a que se establece neste capítulo.
2. As obrigas de transparencia contidas neste capítulo enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.
3. Serán de aplicación, en todo caso, os límites ao dereito de acceso á información pública previstos na normativa básica, así como os derivados da normativa en materia de protección de datos persoais. Deste xeito, cando a información obxecto deste capítulo conteña datos especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo logo da disociación destes.
4. A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web dun xeito claro, estruturado e entendible para as persoas interesadas e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.
5. Toda a información será comprensible, de acceso doado e gratuito e estará á disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade subministrada por medios ou en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme o principio de accesibilidade universal e deseño para todos/as.






Artigo 6. Obrigas específicas de información institucional, organizativa e de planificación

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 tamén publicarán:

- a) A relación de órganos colexiados adscritos, a súa composición e as normas polas cales se rexen.
- b) As competencias dos distintos órganos e entidades, así como os traspasos de funcións e servizos asumidos.
- c) As delegacións de competencias vixentes.
- d) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público.
- e) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados.
- f) O contido do Rexistro de Entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Os plans de actuación e contratos de xestión das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 7. Obrigas específicas de información sobre as relacións coa cidadanía

Os suxeitos citados no artigo 3.1 desa lei facilitarán información sobre:

- a) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
- b) O réxime xurídico dos distintos servizos públicos.
- c) Os requisitos e as condicións de acceso aos servizos públicos.
- d) As cartas de servizos aprobadas.
- e) Os resultados das avaliacións de calidade efectuadas.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 8. Obrigas específicas de información de relevancia xurídica

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 a), no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:

- a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.





Artigo 9. Obrigas específicas de información en materia de persoal

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1, no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:

- a) As relacións de postos de traballo, cadros de persoal e demais instrumentos de ordenación de persoal dos ámbitos de función pública, sanitario e docente.
 - b) Efectivos de persoal funcionario, laboral, sanitario e docente, así como a información sobre os efectivos de persoal eventual nos termos previstos no artigo 32 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público.
 - c) Permisos para a realización de funcións sindicais, liberados/as sindicais tanto de carácter institucional como as dispensas sindicais, distribuídos segundo relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculados, así como todos os custos que estas orixinan.
- Crédito horario total que ten cada organización sindical e a súa distribución segundo relación nominal de persoas, así como todos os custos que estas orixinan.
- d) Os importes das retribucións máximas autorizadas ao persoal regulado no artigo 53 bis da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - e) O perfil biográfico e a traxectoria profesional dos altos cargos.
 - f) As contías das retribucións que resulten de aplicación ao persoal funcionario, estatutario e laboral, e as condicións para a súa devindicación.
 - g) As contías globais das indemnizacións por razón do servizo que resulten de aplicación ao persoal empregado público.
 - h) As ofertas públicas de emprego ou instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal.

As convocatorias de procesos selectivos para o ingreso en corpos, escalas ou





XUNTA DE GALICIA

categorías de persoal empregado público e os membros dos órganos designados para cualificalos.

As convocatorias de procesos de provisión definitiva de postos de traballo.


As convocatorias de procesos de provisión transitoria de postos de traballo e, de ser o caso, a relación actualizada de persoas que integran as listas de selección de persoal interino ou temporal, por orde de prelación.

i) A relación de contratos de alta dirección, indicando as retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.

j) As declaracións de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos nos termos previstos no título II desta lei.

k) Os acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo ou das retribucións e incentivos, así como os convenios colectivos vixentes.

l) As retribucións dos altos cargos previstos no artigo 34 desta mesma lei.






Artigo 10. Obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1, en relación coa súa actividade económico-financeira, tamén publicarán:

- a) A información básica sobre o financiamento, con indicación dos diferentes instrumentos.
- b) O teito de gasto non financeiro aprobado para cada exercicio.
- c) Os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e estabilidade financeira.
- d) A situación déficit/superávit público sobre PIB e por habitante.
- e) A débeda pública da Administración, con indicación da súa evolución, o endebedamento por habitante, o endebedamento relativo e a porcentaxe do endebedamento sobre o PIB.
- f) Período medio de pagamento a provedores.
- g) O gasto por habitante e o investimento por habitante e territorializado.
- h) As estatísticas en materia tributaria, conforme parámetros xeográficos, poboacionais ou económicos.
- i) Calquera outra información económica e estatística de elaboración propia cuxa difusión sexa máis relevante para o coñecemento xeral, facilitando as fontes, notas metodolóxicas e os modelos utilizados.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 11. Obrigas específicas de información patrimonial

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 a) tamén farán público:

- a) A relación de bens de interese cultural.
- b) O número de vehículos dos cales é titular ou arrendatario.





Artigo 12. Obrigas específicas en materia de contratación pública

1. Os suxeitos citados no artigo 3.1 a), b) e d), sen prexuízo da información que se debe publicar segundo a normativa básica en materia de transparencia respecto das licitacións que se deban adxudicar polos procedementos aberto, restrinxido, negociado con publicidade e diálogo competitivo, así como nos concursos de proxectos, publicarán a seguinte información:

- a) O obxecto, duración e valor estimado do contrato.
- b) O procedemento de adxudicación.
- c) Os pregos, documentos descritivos e toda a documentación de interese para a licitación, incluíndo as respostas ás aclaracións.
- d) De ser o caso, a composición das mesas de contratación, comité de persoas expertas e/ou dos organismos técnicos especializados que deban intervir no proceso de adxudicación.
- e) Os anuncios publicados nos diarios oficiais e na web do perfil de contratante (texto e data de publicación).
- f) O lugar de presentación de ofertas e a data e a hora límite de presentación.
- g) De ser o caso, o lugar, a data e a hora do acto público de apertura de ofertas.
- h) O número dos licitadores, con identificación dos admitidos, excluídos e, de ser o caso, dos seleccionados.
- i) A valoración das ofertas de acordo cos criterios de valoración, coas limitacións impostas pola excepción de confidencialidade prevista no artigo 153 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- j) A adxudicación do contrato.
- k) A formalización do contrato.
- l) As modificacións do contrato aprobadas.





XUNTA DE GALICIA

m) As decisións de desistencia e renuncia aos contratos.

2. A información relativa a todos os contratos menores, con indicación do obxecto, duración, importe de licitación e adxudicación, número de licitadores participantes e identidade do adxudicatario publicaranse, polo menos trimestralmente, no portal web de transparencia.


3. Tamén serán obxecto de publicación os acordos e criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.



Artigo 13. Obrigas de información sobre concesión de servizos públicos

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, en relación coas concesións de servizos públicos os suxeitos citados no artigo 3.1 a), b) e d) deberán publicar:

- a) O servizo público obxecto da concesión administrativa.
- b) A identificación do concesionario.
- c) Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexan a dita concesión.
- d) Os estándares mínimos de calidade do servizo público.
- e) A identificación da persoa responsable do contrato.
- f) Os enderezos electrónicos aos cales se poden dirixir as reclamacións de responsabilidade patrimonial e as queixas nos termos en que se determine regulamentariamente.





Artigo 14. *Obrigas específicas de información sobre convenios*


1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de administracións públicas, manterá un rexistro de convenios público e accesible no cal os suxeitos citados no artigo 3.1.a) farán pública a información prevista na normativa básica en materia de transparencia.
2. Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, cada consellería ou entidade deberá remitir para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. Ademais do texto do convenio, deberá facerse pública a correspondente memoria na cal se xustifique a utilización desta figura.
3. Cando os devanditos convenios impliquen obrigas económicas para a Facenda autonómica ou para as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, sinalaranse con claridade o importe destas, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 15. Obrigas de información sobre encomendas de xestión e encargos a medios propios

Os suxeitos citados no artigo 3.1 a), ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán anualmente, no caso das encomendas de xestión e encargos a medios propios, a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor dos entes de control.





Artigo 16. Información específica sobre subvencións

1. Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 a), b) e d) deberán publicar:

a) O texto íntegro da convocatoria das axudas ou subvencións.

b) As concesións das devanditas axudas ou subvencións.

2. Enténdense incluídas para os efectos do establecido no parágrafo anterior:

a) Calquera outro acordo ou resolución de que resulte un efecto equivalente á obtención de axudas directas por parte do/a beneficiario/a.


b) As achegas en diñeiro realizadas pola Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, sempre que non estean destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente.

3. Poden ser excluídos da publicación:

a) Aqueles supostos en que a publicación dos datos da persoa beneficiaria, en razón do obxecto da axuda, sexa contraria ao respecto e á salvagarda da honra e da intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

b) Aqueles datos que estean protexidos polo segredo comercial ou industrial.

c) Con carácter xeral, aqueles supostos ou aqueles datos en que así o exixan ou aconsellen razóns prevalentes pola existencia dun interese público máis digno de protección que, en todo caso, deberá ser motivado expresamente.






Artigo 17. Información sobre ordenación de territorio e ambiente

1. Os instrumentos de ordenación de territorio e os plans urbanísticos, así como as súas correspondentes modificacións e revisións, deberán ser obxecto de publicidade, polo que se difundirá, como mínimo, a seguinte información:

- a) A estrutura xeral de cada municipio.
- b) A clasificación e cualificación do solo.
- c) A ordenación prevista para o solo, co grao de detalle adecuado.
- d) A normativa urbanística.

2. Igualmente, serán obxecto de publicación:

- a) A información xeográfica de elaboración propia cuxa difusión sexa máis relevante para o coñecemento xeral, facilitando as fontes, notas metodolóxicas e os modelos utilizados.
- b) A información ambiental que se debe facer pública de conformidade coa normativa vixente, incluíndo, en todo caso, a relativa á calidade da auga e a de emisións de gases de efecto invernadoiro.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 18. Ampliación das obrigas de publicidade activa

Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei fomentarán a difusión de calquera outra información pública que se considere de interese para a cidadanía.






CAPÍTULO III

Reutilización da información

Artigo 19. Reutilización da información do sector público autonómico


1. A Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia promoverán a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais, dos documentos que elaboran ou custodian, de conformidade coa lexislación aplicable e, en particular, coa normativa básica existente sobre reutilización da información do sector público.
2. Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.
3. Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.
4. A aplicación desta lei farase sen prexuízo do réxime aplicable ao dereito de acceso aos documentos e ás especialidades previstas na súa normativa reguladora.





Artigo 20. Formatos dispoñibles


1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato como os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.
2. Non se lles poderá exixir aos ditos organismos que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por parte dunha entidade pública ou privada.





Artigo 21. Catálogo de Información reutilizable en formato datos abertos

1. O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. Regulamentariamente estableceranse os procedementos e mecanismos de coordinación que garantan que o catálogo e os seus contidos estean continuamente actualizados.
2. O portal de datos abertos, accesible desde o Portal de transparencia e Goberno aberto, configúrase como o punto de acceso ao Catálogo de información reutilizable da Administración xeral e do sector público autonómico. O portal terá como obxectivos prioritarios a difusión e a promoción do Catálogo de información reutilizable e das iniciativas de reutilización da información,
3. Regulamentariamente poderanse establecer as condicións de uso encamiñadas, en todo caso, a non permitir a alteración dos datos e a acreditar debidamente a súa fonte.
4. O portal de datos abertos terá á disposición das persoas interesadas un espazo para realizar propostas e suxestións sobre a información posta á disposición nel.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO IV

Dereito de acceso á información pública

Sección I


Normas xerais

Artigo 22. O dereito de acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.


2. Cando o dereito de acceso á información pública sexa exercido por un deputado/a do Parlamento de Galicia na súa condición de tal, e sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, rexerase pola súa normativa específica.





Artigo 23. Limitacións do dereito de acceso á información pública

1. O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
Naqueles casos en que a aplicación dalgunha limitación non afecte a totalidade da información e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.
2. As limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e á súa finalidade de protección. En todo caso, deberanse interpretar de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público o privado superior xustifique a divulgación da información.
3. As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.





Sección II

Exercicio do dereito de acceso á información pública

Artigo 24. Solicitude de acceso á información

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciárase coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse á persoa titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información. Cando se trate de información en posesión de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á Administración, organismo ou entidade das previstas no artigo 3.1 ás cales estean vinculadas.
2. A persoa solicitante ten dereito a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito a través do Sistema integrado de atención á cidadanía regulado na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
3. Para fomentar a presentación das solicitudes por vía electrónica, a Administración ofrecerá á cidadanía, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto de Galicia, modelos normalizados de solicitude e a posibilidade de envío á Administración pública requirida, sen prexuízo das posibilidades que cada unha delas poida ofrecer na súa páxina web propia.
4. A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, porén, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.





Artigo 25. Tramitación e resolución das solicitudes de acceso

1. A tramitación das solicitudes de acceso efectuarase conforme o previsto na normativa básica en materia de transparencia.


2. Cando as solicitudes se refiran a información que afecte dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederlles un prazo de quince días para que poidan formular alegacións.

O traslado da solicitude á persoa afectada producirá a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

3. No ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle á persoa titular do órgano directivo, ou dos órganos de goberno ou executivos das entidades instrumentais do sector público, que posúa a información.

4. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o soliciten, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Este prazo poderá ampliarse por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e logo de notificación á persoa solicitante.


5. Transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.





Artigo 26. Reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública

1. Contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, agás naquelas ditadas polos suxeitos previstos no artigo 3.1 d) desta lei, contra as cales, conforme o previsto na normativa básica, só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.
2. A reclamación ante o órgano independente de control terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa.
3. O seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2, 3 e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consello de Transparencia e Bo Goberno.
4. Unha vez notificadas ás persoas interesadas, e logo de disociación dos datos de carácter persoal que contivesen, as resolucións do Valedor do Pobo polas que se resolven as reclamacións de acceso á información pública publicaranse no Portal de transparencia e Goberno aberto e deberán ser tidas en conta por parte dos suxeitos que ditasen as resolucións obxecto de reclamación.






CAPÍTULO V

Mecanismos de coordinación e control

Artigo 27. Portal de transparencia e Goberno aberto

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa, en coordinación co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, desenvolverá o Portal de transparencia e Goberno aberto, configurado como punto de acceso electrónico para poñer ao dispor da cidadanía, a través da internet, a información que se deba facer pública de acordo coa normativa básica de aplicación e con esta lei.
2. Para os mencionados efectos, as consellerías e entidades do sector público autonómico, a través das unidades responsables, deberán comunicar aquela información ao órgano competente para o cumprimento das súas obrigas de publicidade; poderase articular a interconexión directa dos datos.
3. O acceso da cidadanía á información do Portal de transparencia e Goberno aberto será gratuito e respectará os principios de accesibilidade, interoperabilidade e reutilización. A información estará dispoñible en galego e castelán.
4. O Portal de transparencia e Goberno aberto poderá incorporar, nos termos que se establezan regulamentariamente, outra información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, así como permitir a interconexión con outros enderezos electrónicos da Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico, integrada polos portais web e servizos web sociais e participativos cuxa titularidade, xestión e administración lles corresponden aos órganos ou unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia no exercicio das súas competencias.
5. Os instrumentos de ordenación da información do Portal de transparencia e Goberno aberto, as prescricións técnicas e as unidades encargadas da súa organización e xestión, que se determinarán regulamentariamente, garantirán que a información dispoñible estea actualizada e que sexa accesible e comprensible, e






XUNTA DE GALICIA

velarán pola accesibilidade universal nos termos previstos na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

O Portal de transparencia e Goberno aberto estará sometido ás normas xerais que rexan a presenza da Administración autonómica e do seu sector público na internet.

6. Regulamentariamente determinaranse as medidas complementarias e os instrumentos de colaboración coas outras administracións e entidades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, co fin de promover a interoperabilidade cos enderezos electrónicos que nelas se establezan para o cumprimento das obrigas de transparencia e publicidade activa e para facilitar que as entidades sen ánimo de lucro e corporacións de dereito público afectadas poidan cumprir coas obrigas de publicidade activa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto.





Artigo 28. Órganos, servizos ou unidades administrativas responsables da transparencia

1. Nos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título, os órganos, servizos ou unidades administrativas responsables da transparencia distintos dos establecidos no número 2 serán designados polo órgano competente que estableza a súa normativa reguladora.

2. No ámbito do sector público autonómico, os órganos, servizos ou unidades administrativas responsables da transparencia dependerán, no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellería ou dos órganos de goberno ou executivos equivalentes das entidades instrumentais do sector público autonómico.

3. Os órganos, servizos ou unidades administrativas a que se refire o punto anterior, no seu respectivo ámbito de actuación, exercerán as seguintes funcións:


a) Solicitar a información exixida polo capítulo II deste título en materia da súa competencia e difundila mediante a súa publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto.

b) Recibir e tramitar as solicitudes de acceso á información pública reguladas no capítulo IV deste título.

c) Levar un rexistro das solicitudes de acceso á información.

d) Realizar o seguimento e control da correcta tramitación das solicitudes de acceso á información pública e, de ser o caso, das reclamacións e dos recursos que se interpoñan.

e) As demais necesarias para o cumprimento adecuado das obrigas previstas nesta lei.






Artigo 29. Coordinación e control interno en materia de transparencia

1. No ámbito do sector público autonómico, a coordinación xeral e o control interno en materia de transparencia serán exercidos pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

2. A dita comisión, que será asistida pola persoa titular do centro directivo con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, establecerá a planificación directiva en materia de transparencia, poderá ditar instrucións, establecer protocolos e fixar criterios tanto respecto á implementación da publicidade activa como en relación co seguimento do adecuado cumprimento das demais obrigas en materia de transparencia.

Cando a dita comisión exerza funcións relativas á reutilización da información e ao Portal de transparencia e Goberno aberto, a dita comisión será tamén asistida pola persoa titular do ente público con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicacións.

3. A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación exercerá as funcións necesarias para a coordinación adecuada en materia de transparencia dentro do sector público autonómico e o control no cumprimento das obrigas previstas nesta lei, e acordará a incorporación no Portal de transparencia e Goberno aberto daquela información que sexa solicitada pola cidadanía con máis frecuencia.





Artigo 30. Órgano independente de control

1. O Valedor do Pobo asumirá o papel de órgano independente de control do cumprimento das obrigas comprendidas neste título por parte dos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. O Valedor do Pobo, en materia de transparencia, exercerá as seguintes funcións:

a) Responder ás consultas que, con carácter facultativo, lle sexan formuladas polos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

b) Realizar recomendacións para o mellor cumprimento das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno.


c) Asesorar en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e bo goberno.

d) Emitir, con carácter previo á súa aprobación, informe sobre proxectos de lei ou de regulamentos en materia de transparencia e bo goberno.

e) Efectuar, por iniciativa propia ou como consecuencia de denuncia, requirimentos para a emenda dos incumprimentos que se poidan producir das obrigas establecidas en materia de publicidade activa previstas nesta lei.

f) Resolver as reclamacións ante as denegacións das solicitudes de acceso á información pública, agás as resolucións referentes ao dereito de acceso á información pública que sexan ditadas, por parte dos suxeitos previstos no artigo 3.1.d) desta lei, que serán soamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

g) Aqueloutras que lle sexan atribuídas por norma legal ou regulamentaria.






Artigo 31. Colaboración co Valedor do Pobo

1. Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei prestarán a colaboración necesaria ao Valedor do Pobo para o correcto desenvolvemento das súas funcións, facilitando a información que lles solicite no seu respectivo ámbito competencial.

2. A Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 29 desta lei, remitirá, polo menos anualmente, un informe ao Valedor do Pobo sobre as solicitudes de acceso á información pública recibidas e tramitadas no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público autonómico.





Artigo 32. Informe anual ao Parlamento

1. O Valedor do Pobo incluírá no seu informe presentado anualmente perante o Parlamento de Galicia, previsto no artigo 36 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, unha epígrafe relativa ao grao de aplicación e cumprimento desta lei, na cal recollerá, en todo caso:

- a) Os criterios interpretativos e as recomendacións que formulase durante ese ano.
- b) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e o sentido da súa resolución.
- c) A actividade de asesoramento realizada en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e bo goberno.
- d) Os requirimentos efectuados de emenda dos incumprimentos que se puideren producir.
- e) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos distintos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación; formularanse requirimentos expresos no caso de cumprimento insuficiente.


2. O informe anual que se presentará ao Parlamento estará tamén á disposición da cidadanía dentro do Portal de transparencia e Goberno aberto.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 33. Selo de transparencia

1. Créase o selo de transparencia como distintivo para recoñecer as consellerías, os órganos e as entidades que destaquen polas boas prácticas na materia.
2. O procedemento e as condicións para a súa concesión determinaranse regulamentariamente.
3. Para a concesión deste distintivo valoraranse, entre outros criterios, a adaptación e predisposición, a facilidade do acceso á información, as boas prácticas de goberno e administrativas.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II

Bo goberno

CAPÍTULO I

Altos cargos

Sección I

Ámbito de aplicación

Artigo 34 . *Ámbito de aplicación*

O contido das obrigas deste título, cando non se especifique o contrario, será de aplicación á totalidade dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público autonómico, consideración que terán os seguintes cargos públicos:

- a) Os membros do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Delegadas e delegados territoriais, secretarías e secretarios xerais, secretarías e secretarios xerais técnicos, directoras e directores xerais e cargos asimilados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Presidentes/as, directores/as xerais e asimilados dos entes instrumentais do sector público autonómico previstos no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, agás das fundacións do sector público autonómico, sempre que teñan a condición de máximos responsables e cun nomeamento que sexa efectuado por decisión do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.
- d) O persoal eventual que, en virtude de nomeamento legal, exerza funcións de xefatura de gabinete ou xefatura de prensa dos gabinetes da persoa titular da Presidencia da Xunta e dos demais membros do Consello da Xunta de Galicia.
- e) As persoas titulares de calquera outro posto de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entes instrumentais do sector






XUNTA DE GALICIA

público autonómico, calquera que sexa a súa denominación, cuxo nomeamento se efectúe por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

f) O/A presidente/a do Consello Económico e Social.





XUNTA DE GALICIA

Sección II

Exercicio do alto cargo

Artigo 35. Nomeamento e exercicio do alto cargo

1. O nomeamento do alto cargo farase entre persoas idóneas e realizarase atendendo a criterios de competencia profesional, entre personas con cualificación, formación e experiencia en función do cargo que vaian desempeñar. A idoneidade será apreciada tanto por quen propón coma por quen nomea o alto cargo.
2. As persoas que ocupen os cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo estarán suxeitas aos principios que figuran no Código ético institucional da Xunta de Galicia nos termos establecidos nel.
3. A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.
4. O tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos será o de señor/señora, seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.





Sección III

Réxime de actividades e incompatibilidades de altos cargos

Artigo 36. Principios xerais

1. Os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo exercerán as súas funcións con dedicación exclusiva e non poderán compatibilizar a súa actividade pública:

a) Co desempeño, en por si ou mediante substitución de persoa interposta, de calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea.


b) Co exercicio de calquera outra función ou actividade pública representativa, incluído o exercicio de cargos electivos en colexios, cámaras ou entidades que teñan atribuídas funcións públicas ou coadxuven a estas, salvo as autorizadas por esta lei.

c) Co desempeño, en por si ou por persoas interpostas, de cargos de toda índole en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, sexa cal for a configuración xurídica daquelas.

d) Co exercicio de cargos, en por si ou por persoas interpostas, que leven anexas funcións de dirección, representación ou asesoramento de toda clase de sociedades mercantís e civís e consorcios de fin lucrativo, aínda que uns e outros non realicen fins de servizos públicos nin teñan relacións contractuais coas administracións, organismos ou empresas públicas.

e) Coa xestión, defensa, dirección ou asesoramento de asuntos particulares alleos cando, pola súa índole, lles competa ás administracións públicas resolvelos ou quede implicada neles a realización dalgún servizo ou fin público.


f) Coa percepción de pensión de xubilación ou retiro por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio, agás as pensións de viuvez, prestacións por fillo/a ou persoa discapacitada ao cargo ou o cobramento dunha cantidade á conta por accidente de traballo ou enfermidade profesional.





XUNTA DE GALICIA

2. En ningún caso poderá percibirse máis dunha remuneración, periódica ou eventual, con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos organismos e empresas delas dependentes, sen prexuízo das indemnizacións por gastos de viaxes, estadias, traslados ou asistencias que en cada caso correspondan polas actividades declaradas compatibles.





Artigo 37. Compatibilidades con actividades públicas

1. O exercicio das funcións de alto cargo será compatible coas seguintes actividades públicas:

a) O exercicio daqueles cargos que lles correspondan con carácter institucional ou para os cales fosen designados pola súa propia condición.

b) A representación da Administración autonómica nos órganos colexiados.

c) O desenvolvemento de misións temporais de representación ante organizacións ou conferencias, nacionais e internacionais.


d) A representación da Administración autonómica nos órganos colexiados ou nos consellos de administración de organismos ou empresas con capital público ou de entidades de dereito público.

No suposto de pertenza a máis de dous consellos de administración de organismos ou empresas con capital público ou de entidades de dereito público, só se poderán percibir cantidades en concepto de asistencia por un máximo de dous consellos de administración.

O Consello da Xunta de Galicia poderá limitar a pertenza a máis de dous dos referidos consellos de administración, así como determinar a non percepción de ningunha cantidade por asistencia.

e) O cargo de deputado no Parlamento de Galicia, só no caso dos membros do Goberno galego.

2. Nos supostos previstos nas alíneas anteriores, os cargos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei só poderán percibir, polos indicados cargos ou actividades compatibles, as indemnizacións por razón de servizo que lles correspondan de acordo coa normativa vixente, así como as cantidades en concepto de asistencia nos supostos b) e d) previstos no punto anterior. As restantes cantidades que, se é o caso, se devindiquen polo desenvolvemento destas funcións e cargos, sexa cal for o concepto da devindicación, serán ingresadas pola empresa, sociedade, organismo ou ente pagador directamente na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia.





Artigo 38. Compatibilidade co exercicio da docencia


1. Poderase compatibilizar, cumpridas as restantes exixencias desta lei, o exercicio de funcións docentes, de carácter regrado, sempre que non supoñan menoscabo da dedicación no exercicio do cargo público e se realice en réxime de dedicación a tempo parcial.

2. O desenvolvemento desta actividade non poderá supoñer en ningún caso incremento ningún sobre as cantidades que por calquera concepto corresponda percibir polo exercicio do cargo público, con excepción das indemnizacións por gastos de viaxes, estadias e traslados que lles correspondan de acordo coa normativa vixente na área docente, e dándolles idéntico destino aos dereitos económicos que, se é o caso, se puideren devindicar de acordo co disposto no artigo 37.2.

3. Para o exercicio das funcións docentes requirirase a autorización expresa da persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

4. Os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo poderán participar nas actividades a cargo dos centros oficiais de formación e perfeccionamento do persoal empregado público mediante a impartición de conferencias e cursos, sempre que a dita colaboración se produza con carácter excepcional, así como nos congresos, seminarios e actividades análogas, e terán dereito á percepción das indemnizacións previstas regulamentariamente.

Os centros de formación dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos entes instrumentais do sector público autonómico comunicaranlles trimestralmente ás consellerías competentes en materia de orzamentos e de función pública o detalle das cantidades satisfeitas polos conceptos indicados.





Artigo 39. Compatibilidade con actividades privadas

1. O exercicio dun cargo dos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei será compatible coas seguintes actividades privadas, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións públicas:

a) As que deriven da simple administración do patrimonio persoal ou familiar.


b) As actividades de produción e creación literaria, artística, científica ou técnica e as publicacións derivadas daquelas, así como a colaboración e a asistencia ocasional como relator/a en congresos, seminarios, xornadas de traballo, conferencias ou cursos de carácter profesional, sempre que non sexan consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos ou supoñan un menoscabo do estrito cumprimento dos seus deberes.

c) A participación en entidades culturais ou benéficas que non teñan ánimo de lucro e sempre que non perciban ningún tipo de retribución ou percepción pola dita participación.

2. A persoa interesada na realización das actividades comunicarao á Dirección Xeral da Función Pública con carácter previo, agás no suposto establecido no punto 1.a)

3. Os membros do Consello da Xunta non poderán percibir retribución ningunha pola colaboración e/ou asistencia ocasional como relator/a en congresos, seminarios, xornadas de traballo ou cursos de carácter profesional.

Aos dereitos económicos que, se é o caso, puideren devindicarse derivados das referidas actividades daráselles o destino disposto no artigo 37.2.





Artigo 40. *Conflicto de intereses*

1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por supoñerlles un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

a) Os intereses propios.

b) Os intereses familiares, incluíndo os do seu/súa cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade.

c) Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.

d) Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.


e) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou persoa unida en análoga relación exerceran funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.

f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.

Para os efectos previstos neste artigo, considérase persoa interposta a persoa física ou xurídica que actúa por conta do alto cargo.

No caso en que, de forma sobrevida, se produza a causa descrita neste apartado, o alto cargo deberá notificarlo á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas,






que deberá informar sobre as medidas que cómpre adoptar para garantir a obxectividade na actuación pública.

4. No suposto de que a persoa que sexa nomeada para ocupar un alto cargo posúa a participación a que se refire o punto anterior, terá que allear ou ceder as participacións e os dereitos inherentes a elas durante o tempo en que exerza o seu cargo, no prazo de tres meses contado desde o día seguinte ao do seu nomeamento. Se a participación fose adquirida por sucesión hereditaria ou outro título gratuito durante o exercicio do cargo, terá que desprenderse dela no prazo de tres meses desde a súa adquisición.


A dita participación e posterior transmisión serán, así mesmo, declaradas aos rexistros previstos no artigo 45 na forma que regulamentariamente se determine.





Artigo 41. *Deber de abstención*

1. As persoas que ocupen os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título deberán abster de intervir nos procedementos administrativos que afecten os seus intereses persoais, tal e como están definidos no artigo anterior.
2. Para estes efectos, utilizarán a figura da abstención regulada na normativa básica en materia de procedemento administrativo. Así mesmo, poderán ser recusados nos termos previstos na dita normativa.
3. A abstención realizarase por escrito para a súa adecuada expresión e constancia, e notificarase á persoa superior inmediata ou, no seu defecto, ao órgano que o/a nomeou, que resolverá o procedente. No caso de que se produza no seo dun órgano colexiado, a abstención constará e incorporarase á acta elaborada pola secretaría. En calquera dos casos, a abstención será comunicada nun prazo máximo dun mes ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos para a súa constancia.
4. A persoa que ocupe o alto cargo poderá formular á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos.





Artigo 42. Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.


2. Quedarán exceptuadas do disposto no punto anterior aquelas persoas que se reincorporen a entidades privadas nas cales xa exercesen con anterioridade a ocupar o posto de alto cargo, sempre e cando a actividade que vaian desempeñar nelas sexa en postos de traballo que non estean directamente relacionados coas competencias do cargo público ocupado nin poidan adoptar decisións que afecten as competencias do cargo público desempeñado.

3. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos tampouco poderán asinar, nin por si mesmos nin a través de entidades participadas por eles directa ou indirectamente en máis do dez por cento, contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coa Administración pública na cal prestasen servizos, sempre que garden relación directa coas funcións que o alto cargo exercía.

4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada como á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Cando a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas considere que a actividade privada que pretende desenvolver a persoa que ocupou o alto cargo vulnera o establecido nos números 1 e 3 deste artigo, comunicarllelo á persoa interesada e á como á entidade na cal pretende prestar servizos, e concederalles un prazo máximo de 10 días para que realicen as alegacións que xulguen oportunas ao respecto. Analizadas as alegacións, a Oficina propondrá á persoa






XUNTA DE GALICIA

titular do centro directivo competente en materia de función pública a resolución que proceda.

6. Durante os dous anos posteriores á data do seu cesamento como alto cargo, aqueles que reingresen na función pública e teñan concedida a compatibilidade para prestaren servizos retribuídos de calquera natureza a persoas físicas ou xurídicas de carácter privado absteranse en todas aquelas actuacións privadas que garden relación coas competencias do cargo exercido, e aplicaráselles o previsto no número 3 deste artigo.





Sección IV

Transparencia e control das actividades e do patrimonio dos altos cargos

Artigo 43. Declaracións de actividades e de bens patrimoniais

1. Os cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título están obrigados a formular as seguintes declaracións:


a) Declaración de actividades ante o Rexistro de Actividades de Altos Cargos. Esta virá referida a calquera actividade, negocio, empresa ou sociedade, pública ou privada, que desenvolvan en por si ou mediante substitución ou apoderamento e que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos ou nos cales teñan participación ou intereses.

Esta declaración deberá incluír tamén aquelas actividades que tivesen desempeñado durante os dous anos anteriores á súa toma de posesión como cargo público, así como as renunciacións ou alleamentos de participacións en empresas que tivesen que realizar para cumprir a norma.

b) Declaración de bens patrimoniais ante o Rexistro de Bens Patrimoniais referida aos que integren o patrimonio da persoa interesada, comprensiva da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigas, á cal se xuntará a copia da última declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e ao imposto sobre o patrimonio no caso de que teña obriga de presentalo a persoa declarante ante a Administración tributaria.

Esta declaración deberá incluír as participacións en calquera tipo de sociedade pertencente ao alto cargo e ás persoas mencionadas no punto 2 do artigo 40. Xunto con esta declaración deberán presentar a declaración comprensiva da situación patrimonial regulada no artigo 45.4.


2. As declaracións mencionadas nos supostos a) e b) do punto anterior efectuaranse nos termos regulamentariamente establecidos dentro dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento, respectivamente, do alto cargo.





XUNTA DE GALICIA

3. Anualmente, durante o mes de xullo, presentarán ante o Rexistro de Bens Patrimoniais copia das declaracións tributarias mencionadas na alínea b) do punto 1.





Artigo 44. *Órgano de xestión*

1. A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia será o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades regulado neste título, así como para coñecer as denuncias que se poidan formular sobre os presuntos incumprimentos dese réxime. Estará adscrito á consellería competente en materia de función pública.

2. A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia será o órgano encargado do mantemento e xestión dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos, e responsable da custodia, seguridade e indemnidade dos datos e documentos que se conteñan neles.


3. Este órgano será o encargado de cualificar a declaración de actividades e a declaración de bens patrimoniais nos termos establecidos regulamentariamente. Así mesmo, procederá a recordar e, se é o caso, requirir a quen sexa nomeado ou a quen cese nun cargo dos comprendidos no ámbito de aplicación o cumprimento das obrigas previstas na presente lei.

4. Todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como todas as entidades do sector público autonómico deberán informar a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas dos nomeamentos dos altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título no prazo de sete días contados desde o nomeamento.

As entidades públicas ou privadas con representación do sector público nos seus órganos de administración ou de goberno comunicarán á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas as designacións de persoas que, conforme o disposto nesta lei, teñan a condición de alto cargo.

5. Todos os altos cargos, entidades, órganos e organismos públicos, así como as entidades privadas terán a obriga de colaborar coa Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas na obtención de calquera información que esta lles requira para os efectos de detectar calquera vulneración do réxime de incompatibilidades previsto nesta lei.

6. O persoal que preste servizos nesta oficina ten o deber permanente de manter en segredo os datos e as informacións que coñeza por razón do seu traballo.





Artigo 45. Rexistro de Actividades de Altos Cargos e Rexistro de Bens Patrimoniais

1. O Rexistro de Actividades de Altos Cargos será público. O contido das declaracións inscritas nel estará dispoñible no Portal de transparencia e Goberno aberto.

2. O Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos ten carácter reservado. Do contido do Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos daráselle conta anualmente ao Parlamento de Galicia de acordo co que se estableza no Regulamento da Cámara.

Terán acceso a este rexistro:

a) Os órganos xudiciais, para a instrución ou resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos que constan no rexistro, de conformidade co disposto nas leis procesuais.

b) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos que constan no rexistro.


c) O Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo, nos termos previstos nas súas leis de creación.

d) O Consello de Contas, nos termos previstos na súa lei reguladora.

3. Non serán obxecto de publicidade as copias da declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, do imposto sobre o patrimonio.

4. Non obstante o anterior, os contidos das declaracións de bens patrimoniais dos altos cargos publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* referidas estas ao momento do seu nomeamento e do seu cesamento.


Para tal efecto, as persoas referidas cubrirán unha declaración comprensiva da súa situación patrimonial omitindo aqueles datos referentes á localización dos elementos patrimoniais para salvagardar a privacidade e seguridade das persoas titulares no modelo que aprobe a persoa titular da consellería competente en materia de función pública.





XUNTA DE GALICIA

Esta declaración deberá ser presentada no Rexistro de Bens Patrimoniais no prazo dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e de cesamento, respectivamente, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; aplicarase o réxime xeral para a presentación das declaracións establecido neste título.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 46. Información ao Parlamento de Galicia

Para asegurar a transparencia do control do réxime de incompatibilidades previsto nesta lei e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, a Xunta de Galicia, a través da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, deberá informar anualmente o Parlamento de Galicia do grao de cumprimento das obrigas de declarar establecidas neste capítulo, así como das condutas contrarias ás obrigas impostas nesta lei e das consecuencias derivadas delas, nos termos regulamentariamente establecidos.





CAPÍTULO II


O Goberno en funcións e o traspaso de poderes

Artigo 47. *Actuación do Goberno da Xunta en funcións*

1. No tempo de permanencia en funcións da Xunta cesante, tal e como se define no artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Goberno deberá limitar a súa xestión ao despacho de asuntos ordinarios, evitando adoptar medidas que condicionen aquelas que deba definir o Goberno que o substitúa.

2. Nese sentido, durante a súa permanencia en funcións e agás casos de urxencia ou cando existan razóns motivadas que o xustifiquen, o Goberno en funcións non poderá:


- a) Enviar proxectos de lei ao Parlamento.
- b) Facer uso das delegacións lexislativas outorgadas polo Parlamento.
- c) Autorizar convenios ou acordos co Goberno de España ou con outras comunidades autónomas, entidades locais e universidades.
- d) Adquirir compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.
- e) Aprobar convocatorias de probas de acceso ou de provisión de postos de traballo para calquera categoría de persoal empregado público.
- f) Aprobar ou modificar as relacións de postos de traballo do sector público autonómico.





Artigo 48. Actuación do Goberno en funcións en relación co traspaso de poderes


1. Durante a súa permanencia en funcións, a Xunta cesante deberá tomar as medidas destinadas a garantir a subministración ao novo Goberno da información pertinente sobre o estado xeral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entes instrumentais do sector público galego.
2. Nese sentido, cada consellería do Goberno en funcións deberá elaborar un informe de xestión relativo tanto a ela mesma como a aqueles entes instrumentais do sector público autonómico dependentes dela.
3. O contido do dito informe de xestión desenvolverase regulamentariamente e deberá recoller, cando menos:
 - a) Estrutura, organigrama e funcións.
 - b) Programas en execución.
 - c) Convenios vixentes con detalle de execución.
 - d) Detalle da execución orzamentaria do exercicio en curso e das dispoñibilidades existentes.
 - e) Detalle de préstamos financeiros outorgados e solicitados.
 - f) Detalle de compromisos económicos asumidos polo organismo.
 - g) Detalle da situación do persoal.
 - h) Listaxe e copia de todos os contratos vixentes no momento da transición.
 - i) Listaxe e copia de todas as obrigas pendentes de pagamento.
 - j) Listaxe de todas as disposicións de carácter xeral aprobadas cuxa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior ao da toma de posesión do novo Goberno.





XUNTA DE GALICIA

4. Unha vez confeccionados, os informes de xestión serán agrupados nun único documento final que quedará á disposición da persoa titular da Presidencia da Xunta.






TÍTULO III

Réxime sancionador

Artigo 49. *Réxime sancionador*

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente lei sancionarase conforme o previsto neste título, sen prexuízo doutras responsabilidades que puideren concorrer.
2. A potestade sancionadora respecto das infraccións tipificadas nesta lei exercerase de conformidade co disposto neste título e na normativa en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo sancionador.
3. O presente réxime sancionador non se aplica se os feitos poden ser constitutivos de infracción penal e tampouco se, de acordo coa lei, pode ser aplicable outro réxime de responsabilidade administrativa ou de natureza xurisdiccional, sempre que se dea tamén a identidade de suxeito e fundamento.
4. Cando, en calquera fase do procedemento sancionador, os órganos competentes consideren que existen elementos de xuízo indicativos da existencia doutra infracción para cuxo coñecemento non sexan competentes, comunicaranllo ao órgano que consideren competente.
5. O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo da existencia das demais responsabilidades a que houber lugar. Para estes efectos, cando aparezan indicios doutras responsabilidades, ordenarase á Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia que valore o exercicio doutras posibles accións que poidan corresponder así como, se procede, que poña os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal por se poden ser constitutivos de delito.
6. A responsabilidade da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia será a regulada no Estatuto de autonomía de Galicia, no Regulamento do Parlamento de Galicia e na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 50. Infraccións e sancións en materia de xestión económico-orzamentaria

As persoas que ocupen os altos cargos incluídos no ámbito de aplicación do título II estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de xestión económico-orzamentaria recollido na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.





Artigo 51. Infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses

1. Consideraranse infraccións moi graves:

a) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando se produza dano manifesto á Administración autonómica.

b) A non presentación das declaracións previstas no artigo 43, pasados seis meses desde a toma de posesión ou desde o cesamento.

c) A presentación de declaracións con datos ou documentos falsos.

2. Consideraranse infraccións graves:


a) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando non se produza dano manifesto á Administración autonómica.

b) A non presentación en prazo das declaracións previstas no título II cando non sexa emendada tras o prazo dun mes logo do requirimento que se formule para o efecto, tanto tras o nomeamento como tras o cesamento.

c) A omisión de datos e documentos que deban ser presentados conforme o establecido nesta lei.

3. Considerarase infracción leve:


A non presentación no prazo establecido das declaracións previstas no artigo 43, transcorrido o prazo previsto no requirimento que se formule para o efecto.





Artigo 52. Infraccións e sancións disciplinarias

1. As persoas que ocupen os altos cargos incluídos no ámbito de aplicación do título II estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións disciplinarias recollido na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.
2. Ademais, considerarase infracción grave o incumprimento reiterado das obrigas en materia de transparencia previstas nesta lei, cando se produza un dano manifesto, e infracción leve, o incumprimento das indicadas obrigas cando non sexa reiterado e non se produza dano manifesto.





Artigo 53. Órganos competentes

1. O procedemento sancionador iniciárase de oficio, por acordo do órgano competente, ben por iniciativa propia, ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia cidadá.

2. O órgano competente para ordenar a incoación será:

a) O Consello da Xunta, para as infraccións de calquera tipo que afecten membros do Goberno, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas.

b) A persoa titular da consellería competente en materia de facenda, para as infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria que afecten as restantes persoas incluídas no ámbito de aplicación do título II.

c) A persoa titular da consellería competente en materia de función pública, para as infraccións en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses que afecten as restantes persoas incluídas no ámbito de aplicación do título II.


d) A persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas, para as infraccións disciplinarias.

3. O órgano competente para instruír o procedemento será:

a) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería competente en materia de facenda, para as infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria.

b) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería competente en materia de función pública, para as infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses.

c) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería competente en materia de administracións públicas, para as infraccións disciplinarias.






XUNTA DE GALICIA

4. O órgano competente para a imposición das sancións será:


- a) O Consello da Xunta de Galicia no caso das sancións moi graves ou cando o alto cargo teña a condición de membro do Goberno.
- b) O órgano competente para a súa incoación no caso das sancións graves e leves.





Artigo 54. *Actuacións previas*


1. O órgano competente para a instrución, con anterioridade á iniciación de calquera expediente de responsabilidade, poderá realizar actuacións previas de carácter reservado co obxecto de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación e notificaralle o inicio de tales actuacións á persoa interesada.
2. Así mesmo, o dito órgano coñecerá das denuncias que sobre os presuntos incumprimentos desta lei se poidan formular.
3. No caso de infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses, a Oficina de Incompatibilidades a través do centro directivo a que estea adscrita, con anterioridade á iniciación de calquera expediente sancionador, poderá realizar de oficio as actuacións previas de carácter reservado para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. Así mesmo, a Oficina de Incompatibilidades coñecerá das denuncias que se poidan formular sobre os presuntos incumprimentos en materia de incompatibilidades e conflito de intereses. Unha vez realizadas estas actuacións previas, a Oficina de Incompatibilidades remitiralle ao órgano competente para a instrución o informe das actuacións previas realizadas.
4. Unha vez realizada a información previa, o órgano competente para a instrución elevará o informe das actuacións previas realizadas ao órgano competente para a incoación.





Artigo 55. *Procedemento*

1. O procedemento tramitarase en expediente contradictorio e sumario conforme se determine regulamentariamente. No que non se regule especificamente, aplicarase a normativa de réxime xurídico e procedemento administrativo aplicable ás administracións públicas.
2. As persoas responsables dos ficheiros, arquivos e rexistros de carácter público proporcionaranlle ao órgano competente para a instrución, cando lle sexan requiridos, información, datos e colaboración na forma establecida na lexislación en materia de datos de carácter persoal.
3. De conformidade co previsto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar.
4. Concluída a instrución, o órgano instructor formulará proposta de resolución na cal se fixarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa cualificación xurídica; determinaranse a infracción e a persoa ou persoas que resulten responsables, especificándose a sanción que propón que se imponha e as medidas provisionais que se adoptaron, ou ben propondírase a declaración de non existencia de infracción ou responsabilidade.





Artigo 56. Sancións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses

1. A sanción por infracción moi grave comprenderá:

- a) A destitución nos cargos públicos que ocupen, salvo que xa cesasen nestes.
- b) A obriga de restituír, se é o caso, as cantidades percibidas indebidamente na forma que se estableza regulamentariamente.
- c) A inhabilitación para ocupar un posto de alto cargo das persoas que cometesen as infraccións tipificadas no artigo 51.1 a) durante un período de entre cinco e dez anos.

A inhabilitación para ocupar cargos públicos comportará a destitución no cargo público que ocupe, se non cesase nel.

- d) Unha sanción pecuniaria por un importe mínimo de 1.500,01 euros e máximo de 3.000 euros.

2. A sanción por infracción grave comprenderá:

- a) A obriga de restituír, se é o caso, as cantidades percibidas indebidamente na forma que se estableza regulamentariamente.
- b) A inhabilitación para ocupar un posto de alto cargo das persoas que cometesen as infraccións tipificadas no artigo 51.2 a) durante un período de entre un e cinco anos.

A inhabilitación para ocupar cargos públicos comportará a destitución no cargo público que ocupe, se non cesase nel.

- c) Unha sanción pecuniaria por un importe mínimo de 500 euros e máximo de 1.500 euros.

3. As infraccións leves serán sancionadas cunha amoestación.


4. Para a gradación das sancións aplicables en cada caso teranse en conta os criterios recollidos na normativa básica de procedemento administrativo e valoraranse a existencia de prexuízos para o interese público, a repercusión da



XUNTA DE GALICIA

conduta na cidadanía e, de ser o caso, a percepción indebida de cantidades polo desempeño de actividades públicas incompatibles.

5. Cando as sancións comporten o pagamento e/ou a restitución de cantidades, estas depositaranse na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 57. Prescripción de infraccións e sancións

1. As infraccións e sancións reguladas nesta lei prescribirán aos cinco anos, tres anos e un ano, segundo se trate de responsabilidades moi graves, graves ou leves, respectivamente.
2. Para o cómputo dos prazos de prescripción, así como para as causas da súa interrupción, observarase o disposto na normativa básica de procedemento administrativo.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional primeira. *Formación do persoal público*

A Escola Galega de Administración Pública incorporará, dentro do seu plan de formación, instrumentos específicos para formar o persoal empregado público nos dereitos e obrigas regulados por esta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional segunda. *Autorización de convenios*

Os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia cando impliquen asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 150.000 euros ou cando as ditas obrigas, aínda que non superen a citada cifra, teñan carácter plurianual.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional terceira. *Información previa ao Parlamento*

Con carácter previo ao nomeamento dos presidentes ou presidentas do Consello Económico e Social, do Consello da Cultura Galega ou doutros órganos que se poidan establecer por lei, e cuxo nomeamento sexa realizado polo/a presidente/a ou polo Consello da Xunta por un período de tempo determinado, porase en coñecemento do Parlamento de Galicia o nome das persoas propostas para estes cargos co fin de que poida dispor a súa comparecencia ante a comisión correspondente da Cámara.

A comisión parlamentaria examinará, de ser o caso, as candidaturas propostas. Os seus membros formularán as preguntas ou solicitarán as aclaracións que crean convenientes.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional cuarta. *Custos de acceso á información*

O acceso á información será gratuito. Non obstante, a obtención de copias e a transposición a formatos diferentes do orixinal poderán estar suxeitos ao pagamento das taxas establecidas na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o particular.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional quinta. *Reclamación*

A resolución da reclamación prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo.





Disposición transitoria primeira. *Obrigas de transparencia*

1. As obrigas en materia de transparencia non serán de aplicación a aqueles contratos formalizados, convenios asinados ou subvencións concedidas antes da entrada en vigor desta lei.
2. As obrigas en materia de transparencia non serán de aplicación a aqueles proxectos de disposicións de carácter xeral ou de plans ou programas plurianuais cuxa tramitación se iniciase antes da entrada en vigor desta lei.




XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Vixencia das disposicións regulamentarias*

Mentres non se desenvolva regulamentariamente a presente lei, permanecerán en vigor en todo o que non se opoña a ela:

- a) O decreto 44/1991, do 20 de marzo, de réxime disciplinario do persoal funcionario de Galicia.
- b) O Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- c) O Decreto 205/2008, do 4 de setembro, polo que se regulan os rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia.






XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria terceira. *Instrumentos tecnolóxicos*

Os instrumentos tecnolóxicos precisos para dar cumprimento ás obrigas da presente lei iranse adecuando progresivamente aos seus requirimentos de forma que, no prazo máximo de seis meses, estean implementados para que as disposicións contidas nesta lei sexan plenamente efectivas.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica.
2. Queda derogada a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.
3. Queda derogado o artigo 8 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao contido da presente lei.






Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

Introdúcese un novo artigo 53 bis na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co seguinte contido:

«Artigo 53 bis. *Réxime económico aplicable aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para adecuar, conforme criterios obxectivos, os conceptos retributivos e as percepcións económicas de calquera natureza que resultan aplicables:

- a) Aos órganos unipersoais de goberno e aos membros dos consellos reitores das entidades reguladas no artigo 45.
- b) Aos órganos unipersoais de goberno ou dirección e aos membros dos consellos de administración ou aos órganos equivalentes das entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.
- c) Ao persoal directivo das entidades a que se fai referencia nas alíneas a) e b) anteriores».





Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*

Introdúcese un novo artigo 33 bis na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, co seguinte contido:


«Nos contratos adxudicados con pluralidade de criterios de valoración, e salvo as excepcións que se poidan establecer en resolución motivada do órgano de contratación cando a natureza da prestación obxecto do contrato así o exixa, a ponderación do prezo ou custo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 % da puntuación máxima que se poida atribuír ás ofertas.

O factor custo comprenderá custos sufragados ou que vaia sufragar o poder adxudicador ao longo de toda a vida do produto, servizo ou obra obxecto do contrato de que se trate, que permitan determinar a relación custo-eficacia das ofertas.

Igualmente poderá consistir, cando así o requira a valoración adecuada das ofertas, no cálculo do custo do ciclo de vida, que incluíra nunha medida pertinente a totalidade ou unha parte dos custos seguintes ao longo do ciclo de vida dun produto, dun servizo ou dunha obra:

- a) Custos sufragados polo poder adxudicador ou por outros usuarios, tales como custos de adquisición, de utilización, de mantemento e custos de final de vida.
- b) Custos imputados a externalidades ambientais vinculadas ao produto, servizo ou obra durante todo o seu ciclo de vida, coa condición de que o seu valor monetario se poida determinar e verificar; eses custos poderán incluír o custo das emisións de gases de efecto invernadoiro e doutras emisións contaminantes, así como outros custos de mitigación do cambio climático.

Todos estes custos deben poder determinarse e verificarse. O método que se utilice para valorar e cuantificar o custo do ciclo de vida incluírase no prego, no cal se indicarán, ademais, os datos que deben facilitar os licitadores para a devandita cuantificación».





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo*

1. Nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma desenvolverá regulamentariamente:

- a) A estrutura e os contidos do Portal de transparencia e Goberno aberto.
 - b) O procedemento de elaboración, estrutura e contidos dos informes de xestión para o traspaso de poderes.
2. Habilítanse o Consello da Xunta de Galicia e as persoas titulares das consellerías competentes por razón da materia para ditaren cantas outras disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido nesta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Ricardo Vicente Docasar Docasar, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 29 de setembro de 2015, sobre a situación do sistema educativo en Galicia (doc. núm. 38367).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Convoque en 2016, de maneira consensuada coas forzas sindicais representadas na mesa sectorial de educación, unha potente oferta de emprego público docente para repoñer a gran cantidade de prazas docentes perdidas durante a crise, e anunciar a dita convocatoria en tempo e forma, para que os milleiros de persoas susceptibles de preparar esas oposicións poidan facelo cun horizonte de certeza.

2º) Elabore un cronograma concreto, e pactado coas forzas sindicais representadas na mesa sectorial de educación, para repoñer ao profesorado galego as condicións laborais e profesionais arrebatadas durante a crise.

3º) Ralentice o calendario de implantación da LOMCE e comunique aos centros educativos unha moratoria para entregar as novas programacións didácticas que emanan dela.

4º) Remate co caos na xestión dos libros de texto, garanta que ningún neno ou nena de ensino obrigatorio vaia a clase sen libros de texto e material escolar, e asuma o compromiso de volver ao sistema de préstamo universal de libros por ser máis económico, chegar ao 100 % do alumnado de ensino obrigatorio e ser o que recomenda a “Defensora del Pueblo”.

 Grupo Parlamentario

5º) Elabore un listado de centros educativos das catro provincias galegas coa velocidade real de acceso á Internet que teñen na actualidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6º- Elabore un plan de RAM (reparación, adquisición e mellora) provincia a provincia para abordar as necesidades de obras nos centros educativos.

7º- Elabore un plan de reposición de material didáctico, provincia por provincia, para repoñer fundamentalmente os equipamentos informáticos e de formación profesional que foron quedando obsoletos durante a crise.

8º- Forneza aos centros educativos que implantaron a FP básica no curso 2014-2015 cos recursos necesarios para impartila con dignidade, e realizar neses centros as adaptacións de espazos e dotacións de equipamentos que sexan precisos.

9º- Garanta aos estudantes que iniciaron os estudos de FP básica en 2104 a posibilidade de obter unha titulación ao remate dos seus estudos en xuño de 2016.

10º- Fomente a excelencia do sistema educativo galego, creando nas provincias de Lugo e Ourense un par de centros públicos que impartan o denominado bacharelato internacional, ao seren estas as únicas provincias que non contan co dito servizo.

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 01/10/2015 17:06:45

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/10/2015 17:06:58

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Ricardo Vicente Docasar Docasar, a través do portavoz solicita se realice a seguinte corrección de erros no doc. núm. 42291.

No 6.º punto da resolución onde di: “...plan RAM (reparación, adquisición e mellora) provincia...”, debe dicir: ...plan RAM provincia...”

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 02/10/2015 17:04:25

Jose Luis Méndez Romeu na data 02/10/2015 17:04:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada nos días 29 e 30 de setembro de 2015, sobre o peche de camas hospitalarias durante os meses de verán (doc. núm. **37755**).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que proceda á apertura inmediata da totalidade das arredor de 1.000 camas pechadas durante o verán 2015.

-Que proceda á dotación, de xeito estábel e permanente, do persoal preciso para o funcionamento das mesmas durante todo o ano.

-Que proceda á contratación do persoal que sexa preciso para cubrir as ausencias de persoal, e que remate coa mobilidade permanente do mesmo, tanto de servizos como de especialidades, para cubrir ditas ausencias.

-Presentar no Parlamento Galego un informe con toda a información sobre:

A situación das listas de espera no SERGAS, na que se inclúan tanto as listas estruturais como as non estruturais, de intervencións, probas diagnósticas e consultas.

O número de derivacións realizadas á sanidade privada durante os últimos cinco anos, con indicación dos centros sanitarios aos que se realizou a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivación como a tipoloxía(intervención, proba diagnóstica...)

O número de persoal que desfrutou as vacacións no período xuño-setembro das diferentes EOXIS e o número de persoal contratado para cubrir as mesmas.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2015

Asdo. Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 02/10/2015 12:50:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/10/2015 12:50:19

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 29 de setembro 2015, sobre a sostibilidade do sistema sanitario público de Galicia (09/INT-001471, doc. núm. 39353).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno central a derogación do Real Decreto-Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións.
2. Paralizar as privatizacións sanitarias prevista polo Goberno Feijoo e comezar a planificar a reversión de todas as que leva feitas.
3. Repor os cadros de persoal de profesionais no sistema sanitario público e devolverlle a eses traballadores e traballadoras as condicións laborais, salariais, de vacación e de días libres que tiñan antes da crise económica, garantindo a cobertura adecuada das vacantes en vacacións e libranzas que valla xurdindo.
4. Recuperar e aplicar a maior brevidade posible o Plan de Mellora de Atención Primaria, como peza fundamental para a viabilidade do noso sistema sanitario público.

 Grupo Parlamentario

5. Analizar e garantir as necesidades orzamentarias do sistema sanitario galego para poder garantir a súa sostenibilidade.

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/10/2015 18:21:02

Jose Luis Méndez Romeu na data 02/10/2015 18:21:09

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei, polo trámite de urxencia, en Pleno**.

A urxencia vén motivada pola alarma suscitada entre pais e nais.

Exposición de motivos

O Goberno galego publicou no ano 2013 un Decreto conxunto das consellerías de Traballo e Benestar e Sanidade, polo que se creaba a Rede Galega de Atención Temperá, co obxecto de establecer a coordinación e integración das accións coidadoras específicas da atención temperá.

Posteriormente, no ano 2014, o Consello Autonómico de Atención Temperá aprobou e publicou un Protocolo Conxunto de Coordinación, Intervención e Derivación das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Sanidade, Traballo e Benestar.

Estas dúas ferramentas trataban de delimitar perfectamente as competencias dunhas e outras consellerías para o ámbito da atención temperá, que no caso da Consellería de Sanidade circunscribía o Decreto á prestación de servizos de AT nos complexos hospitalarios “aos nenos e nenas residentes na área de neonatoloxía ou que, pola súa condición de saúde, precisan atención, coidados ou asistencia hospitalaria de longa duración”, mentres que a prestación de servizos de AT no ámbito comunitario atribúese aos servizos sociais, competencia da Consellería de Traballo e Benestar, cun período transitorio durante o que Sanidade seguiría tendo a responsabilidade da atención nas áreas ou ámbitos comunitarios **mentres non se poñan en funcionamento os novos servizos e programas de servizos sociais**.

Máis alá da tardanza en implementar o Protocolo e da ausencia de medidas impulsoras da atención temperá achacables á inexistencia de

Grupo Parlamentario

xestión política do Goberno, sorprende agora a publicación, por parte do SERGAS, dun documento nomeado “Proceso Asistencial Integrado de Atención Temperá” que non fai referencia algunha á lexislación vixente na materia nin aos principios e modelos de intervención nos que debería fundamentarse.

E un documento que claramente contradí o establecido no Decreto conxunto das consellerías polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a:

1. Deixar sen efecto o documento “Proceso Asistencial Integrado de Atención Temperá” elaborado polo Servizo Galego de Saúde, e publicado na súa páxina web o 31 de xullo de 2015, e que se redacte un novo adaptado aos obxectivos, competencias e metodoloxía que establece o Decreto 183/2013 e o Protocolo que o desenvolve.
2. Que, á vista das dificultades existentes nos actuais servizos para diferenciar adecuadamente entre a prestación de rehabilitación e a de Atención Temperá, se desvincule ás UATH dos servizos de rehabilitación e se as constitúa como unidades autónomas dependentes das xerencias e, progresivamente, dirixilas a proporcionar AT a “os nenos e nenas residentes na área de neonatoloxía ou que, pola súa condición de saúde, precisan atención, coidados ou asistencia hospitalaria de longa duración” (art. 10.1.a do citado Decreto), dotándoas, cando menos, con psicólogos/as clínicos/as especializados/as en desenvolvemento infantil, contratados a tempo completo e con funcións de coordinación da UATH e atención ao neno ou nena e á familia no ámbito hospitalario.
3. Que, canto antes, se proceda a definir e concretar un plan de ordenación e extensión dos servizos comunitarios específicos para proporcionar Atención Temperá nas áreas sociais, onde actualmente non existen ditos recursos e para regularizar a súa prestación en toda Galicia de forma equitativa e acorde aos principios que establece o

 Grupo Parlamentario

Decreto 183/2013.

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/10/2015 17:08:19

Carmen Gallego Calvar na data 01/10/2015 17:08:32

Juan Carlos González Santín na data 01/10/2015 17:08:49

Pablo García García na data 01/10/2015 17:08:59

María Soledad Soneira Tajés na data 01/10/2015 17:09:07

María Concepción Burgo López na data 01/10/2015 17:09:19

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 01/10/2015 17:09:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/10/2015 17:09:28

Raúl Fernández Fernández na data 01/10/2015 17:09:33

José Antonio Sánchez Bugallo na data 01/10/2015 17:09:46

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 01/10/2015 17:09:52

Beatriz Sestayo Doce na data 01/10/2015 17:09:56

José Manuel Gallego Lomba na data 01/10/2015 17:10:00

María del Carmen Acuña do Campo na data 01/10/2015 17:10:05

Emilio Vázquez Blanco na data 01/10/2015 17:10:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2015 17:10:12

José Ramón Val Alonso na data 01/10/2015 17:10:15



Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodriguez na data 01/10/2015 17:10:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) , a iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en **Pleno**, relacionada cos postos de celadores e celadoras e as súas atribucións profesionais no Novo hospital de Vigo.**

Exposición de Motivos:

No marco da privatización sanitaria do Novo hospital de Vigo, a Xunta de Galicia decidiu dar un paso máis permitindo a aparición dunha “nova figura” profesional privada: persoal de Transporte Interno e Xestión Auxiliar ou TIGA (polas siglas en castelán). Esta figura non é máis que unha ocupación que sustrae as funcións dos celadores e celadoras públicas, persoal sanitario que ata o de agora para poder acceder a unha praza debía pasar por unha OPE na que, entre outras cousas, eran avaliados os seus coñecementos na utilización de instrumentais, normas de hixiene e seguridade, esterilización, traslado de documentos, etc.

O persoal TIGA non só non pasa por dita avaliación, nin ten esixencia de coñecementos, se non que, sendo persoal subcontratado, ao igual que sucede co resto de servizos privatizados tenden a ter inferiores salarios, peores condicións laborais e planteis máis reducidos.

Son diversas as denuncias dende a chegada deste persoal, indo dende a ausencia de uniformidade, roupa non axeitada, transporte de citostáticos sen os coidados axeitados, insuficiente plantilla... ata a obvia redución de persoal público que supón, patente coa eliminación de varios postos de celadores e celadoras contratadas.

Dados estes antecedentes, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reverter a suplencia de postos de celadoras e celadores públicos por TIGA privados e dimensionar a plantilla ata ser suficiente para cubrir as necesidades do Novo Hospital de Vigo.

Compostela, 23 de setembro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/09/2015 19:34:59

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 24/09/2015 19:35:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a avaliación que fai o goberno en relación co cumprimento dos obxectivos medioambientais establecidos na Directiva Marco da Auga.

A Directiva Marco da Auga fixou a nivel europeo uns obxectivos para garantir unha xestión sustentábel dos recursos hídricos desde unha perspectiva integral. É a primeira vez que se integra a xestión de todas as masas de auga, incluíndo as augas superficiais continentais, as subterráneas, as augas de transición e as augas costeiras. Esta directiva entrou en vigor en Decembro de 2000 e establece un calendario para a súa aplicación.

Entre as datas claves desta normativa é acadar en 2015 o bo estado e o uso sostíbel de todas as masas de auga. Neste sentido existen unha serie de obxectivos medioambientais.

Entre os obxectivos medioambientais da augas superficiais estableceese:

- Prever o deterioro do estado das masas de auga.
- Protexer, mellorar e rexenerar todas as masas de auga superficiais co obxecto de acadar un bo estado a máis tardar en 2015.
- Reducir progresivamente a contaminación procedente de sustancias prioritarias e eliminar ou suprimir gradualmente os vertidos, as emisións e as perdas de sustancias perigosas prioritarias.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No relativo ás augas subterráneas os obxectivos son:

- Evitar ou limitar a entrada de contaminantes nas augas subterránea e evitar o deterioro do estado de todas as masas de auga subterránea.
- Protexer, mellorar e rexenerar todas as masas de auga subterránea e garantir o equilibrio entre extracción e recarga co obxecto de acadar un bo estado a máis tardar en 2015.
- Invertir as tendencias significativas e sostidas no aumento da concentración de calquera contaminante derivado da actividade humana, coa finalidade de reducir progresivamente a contaminación das augas subterráneas.

Coa finalidade de avaliar o cumprimento desta directiva formulamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a remitir, no prazo dun mes, un informe onde se detalle o grao de cumprimento da Directiva Marco da Auga, e singularmente o grao de cumprimento dos obxectivos medioambientais das masas de auga que discorren pola Galiza. Ademais detallaranse as actuacións previstas, os prazos e os investimentos que se realizarán para garantir o bo estado de conservación da auga no noso país.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/09/2015 11:32:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados e deputadas Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Aurelio Núñez Centeno, Marisol Díaz Mouteira, Jesús Goldar Güimil, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A Lei de Bases do Réxime Local, no seu artigo 36, establece como competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Recentemente, vense observando unha maior demanda por parte dos concellos galegos de comisións circunstanciais para cubrir os casos de ausencias ou vacantes nos postos de secretaría e de intervención municipais, ámbolos dous esenciais para un correcto funcionamento das institucións locais, sen que as deputacións galegas dispoñan de recursos suficientes para satisfacer esta demanda.

A definición de competencias establecida na Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración Local, aboca á busca dunha homoxeinización na fórmula de prestación destes servizos esenciais, de tal xeito que se garanta o acceso aos mesmos, en condicións de igualdade, a todos os concellos, e en definitiva ao conxunto de galegas e galegos.

É por isto que, ante a disparidade de fórmulas adoptadas polas deputacións provinciais galegas, en aras a garantir unha prestación equiparable no conxunto do territorio galego e aos efectos de dar cumprimento a unha das competencias propias dos entes provinciais:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ás Deputacións Provinciais galegas para, conxuntamente, establecer as bases para a creación e homologación dos servizos de asistencia aos municipios que palíen os problemas derivados das ausencias e vacantes nos postos de habilitación nacional.”



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2015 11:58
Nº Rexistro: 42002**
Data envío: 25/09/2015 11:58:46.246

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/09/2015 11:32:16

Paula Prado del Rio na data 25/09/2015 11:32:28

Agustín Baamonde Díaz na data 25/09/2015 11:32:32

Hipólito Fariñas Sobrino na data 25/09/2015 11:32:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 25/09/2015 11:32:52

Marisol Díaz Mouteira na data 25/09/2015 11:33:00

Jesus Goldar Guimil na data 25/09/2015 11:33:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/09/2015 11:33:14

Jacobo Moreira Ferro na data 25/09/2015 11:33:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Carmen Iglesias Sueiro, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.


Ao longo da súa historia, o arquipélago da illa de San Simón ten sido mosteiro, lazareto, cárcere e fogar para nenos orfos. Sendo declaradas BIC no ano 1999.

Durante a Guerra Civil e a posterior vitoria fascista do réxime franquista a illa foi empregada como campo de concentración e de exterminio para os presos políticos contrarios ao réxime provenientes de todo o Estado. O réxime de terror instaurado valeulle á illa a ignominiosa honra de ser considerada coma un dos centros penitenciarios máis temibles do franquismo dadas as condicións inhumanas que soportaban os presos ou os fusilamentos masivos ata que o cárcere foi pechado no ano 1943.

Logo do abandono e deterioro posteriores, tivo moito que ver na súa recuperación e rehabilitación a declaración como centro de recuperación da memoria histórica, que a converteu nun espazo protexido dedicado a fins culturais, sendo elixida no ano 2006 como símbolo da represión no Ano da Memoria.

Na actualidade a illa está inmersa no proxecto “A illa do Pensamento” concibido como un “espazo público laboratorio de ideas con proxección globalizadora, vocación multidisciplinar e unha nova identidade na que o pensamento creativo, máxico, artístico e crítico ilumine todas as actividades e accións que se levan adiante neste fermoso arquipélago”, segundo reza a páxina web de cultura.gal.

Esta deputada ten sido informada de que o pasado 19 de xullo, con motivo da




homenaxe nacional ás vítimas da represión franquista que organiza todos os anos a asociación Iniciativa Galega para a Memoria Histórica, non contaron co apoio suficiente por parte dos responsables da xestión da Illa e, se ben non se lles impide tal acto, si se lles poñen todos os atrancos posibles para que ditos actos non consigan o suceso ou relevancia que merece tal causa.

A pesar da gran afluencia de persoas que pretenden asistir aos actos organizados non se reforzan os barcos para poder trasladar a todas as persoas que se achegan para asistir nin se lles dan facilidades para ampliar eses horarios, polo que os actos teñen que celebrarse a toda presa e sen a pertinente calma e respecto que requiriría unha homenaxe como a que se leva a cabo. O acto central da homenaxe tivo lugar contra as 12:00h, mentres que o regreso fíxose ás 13:00h. Non poden saír do peirao de Cesantes polo ostigamento/asedio ao que son sometidos nese porto. Tamén advirten da desaparición ou deterioro na illa de distintos carteis que informaban dos feitos relativos aos asasinatos e o acontecido no cárcere franquista. En definitiva, a sensación que teñen é a de que son molestos e non se quere este tipo de actos na Illa da Memoria.

Isto contrasta con outros actos que se están a desenvolver na Illa, como por exemplo, o Festival “Sin Sal” ou outros concertos e actos que se veñen celebrando aos que se lles dan todas as facilidades e medios para coa súa organización.

Xa non se entrará a discutir se un concerto de rock é axeitado para a “illa do pensamento” xa que toda manifestación cultural é unha homenaxe en si mesma sendo máis discutibles algunhas actitudes que estes eventos carrexan como por exemplo o “botellón”.

Pero o que é de todo incomprensible e inadmisible é que se lles poñan atrancos por inacción ou falta de colaboración ás asociacións que pretenden manter viva a memoria, homenaxear a persoas loitadoras pola democracia, respectuosas coa historia, a natureza, a paisaxe, o silencio e harmonía,



máxime cando a Fundación contempla como un dos seus obxectivos “o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco. Este trágico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.”

Polo exposto, formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:


- A colaborar e dar un trato preferente ás distintas asociacións en defensa da memoria histórica que pretendan visitar, celebrar, homenaxear ou organizar actos ás vítimas da represión franquista na Illa de San Simón.
- A velar pola correcta conservación dos sinais e demais fitos que homenaxean ou interpretan a triste historia da illa, con especial atención ao cárcere política da represión franquista.
- A ter sempre presente, nos distintos actos que se organizan na illa, que a mesma foi un centro de exterminio da historia no que morreron asasinadas centos de persoas e, polo tanto, tutelar e preservar o respecto ás múltiples vítimas.

Pazo do Parlamento, a 25 de setembro de 2015


Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:



Carmen Iglesias Sueiro na data 25/09/2015 13:07:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Íñiguez Martínez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Tellado Filgueira ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

No Hospital Álvaro Cunqueiro están ubicadas varias unidades de referencia que prestan atención sanitaria á provincia de Ourense.

Algunhas destas unidades requiren días de hospitalización, como pode ser o caso de cirurxía cardíaca ou a cirurxía torácica ou as futuras unidades que se poidan implantar.

Moitos dos pacientes que requiren hospitalización par ao seu tratamento necesitan acompañamento de familiares ou persoas achegadas para ser coidados. Estes familiares ou acompañantes que se desprazan a Vigo varios días pernoctan na cidade.

A distancia que hai entre o Hospital Álvaro Cunqueiro e o centro da cidade é considerable o que lles obriga a ter que utilizar un medio de transporte para o seu desprazamento.

Na cidade de Vigo está implantado un sistema de Bono-bus que bonifica dun xeito importante ás persoas que se acollen a el, pero só o poden facer os que estean empadroados en Vigo.

Esta circunstancia deixa fora deste beneficio a moitos cidadáns de Ourense que teñen que desprazarse á cidade de Vigo por motivos sanitarios.

Por todo isto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Vigo para que estenda as bonificacións no transporte urbano a todos os cidadáns da provincia de

Ourense que teñen que desprazarse ao Hospital Álvaro Cunqueiro por motivos sanitarios.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/09/2015 13:10:01

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 28/09/2015 13:10:09

Marta Rodríguez Arias na data 28/09/2015 13:10:16

Rosa Oubiña Solla na data 28/09/2015 13:10:25

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/09/2015 13:10:30

Jaime Iñíguez Martínez na data 28/09/2015 13:10:36

Javier Dorado Soto na data 28/09/2015 13:10:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/09/2015 13:10:50

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 28/09/2015 13:11:08

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os traballos realizados polo persoal dependente dos Servizos Forestais da Consellería de Medio Rural e do Mar, especialmente nas labores realizadas na prevención e extinción de incendios forestais, supoñen estar en contacto permanente con situacións de alto risco. En todos os incendios forestais nos que participaron traballadores-as dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar, e feitas as correspondentes revisións do material co que se equipa a axentes forestais/axentes medioambientais, brigadas de prevención-extinción, autobombas e brigadas helitransportadas, detectouse a ausencia de botiquíns de primeiros auxilios axeitados ao traballo que realizan os traballadores-as da loita contra o lume.

Os botiquíns dos que se dota aos medios antes sinalados, fáltanlle material básico e específico axeitado ao traballo desenvolvido como: desinfectantes e antisépticos, apósitos adhesivos, luvas desbotables, vendas, mascariña de reanimación cardiopulmonar, osixenador, crema para queimaduras, manta para queimados etc. Tamén é preciso dotar a cada compoñente que traballa na extinción de incendios forestais de refuxio de emerxencia anti-lumes.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Que se dote ao persoal dependente do SDCIF da Consellería do Medio Rural e do Mar do material de primeiros auxilios que establece a normativa legal.
- 2) Dado que existen riscos específicos a cada posto de traballo, o contido mínimo de cada botiquín debe completarse co material básico necesario para cada tipo de traballo.
- 3) Sinalar a localización do material de primeiros auxilios, revisión periódica do mesmo e reposición do material esgotado e caducado.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015.

Asdo. Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 28/09/2015 13:49:25

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Carmen Iglesias Sueiro** e ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate no **Pleno** relativa á reparación da Memoria Histórica.

Dicía Benedetto Croce –un historiador italiano– que “toda a historia é contemporánea, porque vive dentro de nós. Ocupámonos do pasado porque ten que ver co que ocorre hoxe”.

Esta proposición ten moi presente esta idea e pretende contribuír a liberar á sociedade contemporánea e futura dun lastre histórico que aínda afecta e repercute en moitos individuos e familias cuxos membros foron xulgados, condenados e mesmo executados por tribunais represores e militares, ao abeiro da legalidade, pero ilexítimos por ser consecuencia dun golpe de Estado e, polo tanto, inxustos.

O Parlamento Galego, representante plural da sociedade galega, ten o deber de restituír, na medida do posible, feitos que nos avergoñan como nación porque a sociedade galega, en particular, e de todo o Estado en xeral, precisa avanzar cara unha democracia adulta e representativa.

Xa non abonda con declaracións de condena. Logo de ter pasados case 50 anos da morte do ditador, precísanse accións concretas que fagan efectiva a ruptura co sistema fascista. Hai que pasar aos feitos, reparar os danos e corrixir os abusos, inxustizas e vilezas que se tiveran perpetrado en nome do Estado porque fomos, somos e seremos Estado e debemos reconciliarnos coa nosa historia para poder mellorar o noso presente.




Non queremos que o fascismo e o franquismo segan a vivir dentro da nosa sociedade e só podemos reconciliarnos con ese pasado e esa historia, se acadamos unha Democracia adulta e xusta como tal ten sucedido en ditaduras semellantes como, por exemplo, coa Alemaña nazi.

A “Asociación Archivo Guerra y Exilio” (AGE) aprobou en asemblea o pasado 20 de xuño de 2015 instar ás institucións a que soliciten do Goberno do Estado a aprobación dunha Lei de Memoria histórica Democrática que cancele definitivamente con xustiza, equidade e reparación as secuelas da ditadura franquista.

Polo exposto, preséntase a seguinte **proposición non de lei** para o seu tratamento en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, a súa vez, inste ao Goberno do Estado a:

1. Declarar por lei a nulidade de todas as acciones legais do réxime franquista, facendo mención expresa ás Resolucións das Nacións Unidas adoptadas por unanimidade pola Asemblea Xeral da ONU o 9 de febreiro e o 12 de decembro de 1946, e a facer mención ao seu carácter criminal segundo as normas do dereito internacional. Condenar xuridicamente a ditadura franquista.
2. Realizar un recoñecemento político, xurídico e social de cantos defenderon a legalidade Republicana dende 1931 a 1977 recoñecéndoos coa condición xurídica de vítimas do franquismo.
3. Realizar un recoñecemento da condición de excombatentes pola liberdade aos guerrilleiros antifranquistas, aos combatentes republicanos nas filas dos aliados na II Guerra Mundial e ás vítimas republicanas da persecución nazi.



4. Declarar a nulidade de tódolos xuízos penais e militares sumarísimos e reconstrución dos arquivos penais e xudiciais afectados.
5. Rehabilitar xurídica e politicamente aos cidadáns asasinados (considerados por algúns como “desaparecidos”).
6. Localizar todas as fosas comúns, garantindo xuridicamente as exhumacións por parte do Estado, de acordo cos seus familiares, sinalando os espazos do crime (referente para a historia de España) como lugares de memoria, mediante monumentos, placas e paneis expositores que expliquen os feitos que neles tiveron lugar.
7. Condenar os actos de exaltación franquista e de negacionismo histórico así como retirar os símbolos franquistas nos espazos públicos, cumprindo a lexislación mediante a aplicación de procedementos acordes co dereito internacional de dereitos humanos como norma de convivencia cidadá.
8. Anular a Lei de Amnistía de 1977 que blinda a impunidade dos responsables dos crimes franquistas e aplicar a lexislación internacional de dereitos humanos sobre crimes contra a humanidade.
9. Desclasificar e catalogar, de forma científica e democrática, todos os arquivos policiais, diplomáticos, militares, penais, xudiciais, carcelarios, municipais, militares de intelixencia e da represión en xeral, ata a instauración do sistema democrático.
10. Comprobar e corrixir contidos nos libros de texto sobre historia, contemplándoos desde a obxectividade e a transparencia, en prol dun plan pedagóxico que axude a coñecer os feitos en beneficio dunha harmonía cidadá sen negacionismos nin revisionismos.”

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 42039
Data envío: 28/09/2015 14:44:27.398


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 28/09/2015 14:44:03



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O V Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galiza vixente a día de hoxe, concretamente o Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta, no seu punto 3.18, que indica o compromiso de cambio de denominación de categoría ás categorías do SPDCIF de: Peón, Peón condutor, Xefe de cuadrilla, Vixiante móbil e Condutor Motobomba a Bombeiros forestais.

Os traballadores-as levan máis de 5 anos agardando este cambio de denominación de categoría, feito que a Xunta rexeitou o pasado mes de maio no Parlamento galego. Paralelamente, noutras CCAA como Extremadura, Aragón, Navarra e, en proceso noutras, recoñéceselle aos traballadores análogos a categoría de Bombeiros forestais.

Desde o día 1 de setembro, o Parlamento andaluz recoñece a proposta do Partido Popular de Andalucía en recoñecemento da categoría de Bombeiro forestal ó colectivo do INFOCA, análogo ao SPDCIF da Xunta de Galiza. Ademais, insta ao goberno central á aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación.

Tal e como indica o Boletín Oficial de Extremadura, no nº 609, do 12 de setembro de 2014, na resolución 462 / VIII a proposta do grupo parlamentario do PSOE e co rexistro de entrada nº 18.280, a CCAA estende o recoñecemento á categoría profesional de Bombeiros forestal para a adaptación de competencias no entorno laboral.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aplicar o recoñecemento da categoría de Bombeiro forestal aos traballadores-as do SPDCIF que actualmente teñen a categoría de: Peón, Peón condutor, Xefe de cuadrilla, Vixiante móbil e Condutor Motobomba; baseándose no R.D. 1921 / 2010 do 26 de novembro, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións no nº5932 – Bombeiro forestal, ademais do punto 3.18 do Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal SPDCIF da Xunta de Galiza, no V Convenio Único do Persoal Laboral.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 28/09/2015 17:04:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración Galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública Seaga. Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de Seaga non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.

- Os salarios dos traballadores de Seaga son inferiores aos do persoal contratado directamente.

Non se lles recoñece o tempo traballado en Seaga para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

- Os contratos de Seaga limítanse todos a 3 meses de duración, cando entre o persoal contratado directamente pola Xunta hai un importante colectivo de fixos-descontinuos de 9 meses.

- Aos traballadores de Seaga a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros-as do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de Seaga e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di: “En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”. Esta lei é a 16 / 2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Aplicar o V Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia ao persoal de Seaga.
- 2) Ampliación dos contratos a 9 meses, o mesmo que os das compañeiras-os contratados directamente pola Consellería.
- 3) Eliminación do protocolo que obriga a realizar tarefas de prevención e extinción durante os meses de alto risco de incendios forestais.
- 4) Recoñecemento do tempo traballado en Seaga á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- 5) Aplicación da disposición transitoria sexta da LOFAXGA ás traballadoras-es de Seaga.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 28/09/2015 17:23:21

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos

Durante este mes de setembro, tense producido unha denuncia perante a inspección de traballo por parte do Sindicato CUT, onde se denuncia a infracotización realizada pola CRTVG aos seus traballadores dende o 2010.

Esta situación derívase do incumprimento flagrante da normativa, e polo tanto da desobediencia empresarial ao respecto do mandato da Lei 8/2010, a lei onde se recortaban dereitos e retribucións aos empregados públicos, pero se obrigaba a manter as cotizacións dos mesmos nos termos anteriores, feito este que non se ten producido no ente público.

Esta infracotización supón deixar de ingresar nas arcas da seguridade social entre 4 e 15 millóns de euros, precisamente cando máis o precisa a caixa da seguridade social, e supón un recorte das cotizacións de cada traballador de entre 100 e 700 € que deixa de percibir nas prestacións derivadas da súa cotización, como poden ser I.T, ou xubilacións, sen contar o desemprego derivado de todos aqueles traballadores que neste tempo teñan rescindido a súa relación laboral coa CRTVG.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que :

- 1) Solicite de forma inmediata a revisión das cotizacións do conxunto de traballadores da CRTVG, reingresando as cotizacións non percibidas e regularizando a cotización de oficio de toda a plantilla.
- 2) De inmediato estableza unha investigación que depure as responsabilidades do acontecido e se proceda ó cese dos responsábeis políticos desta decisión.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recousó

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 28/09/2015 17:49:52

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 28/09/2015 17:50:03

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

España é unha gran Nación. Unha Nación cunha historia moi rica en aportacións de toda orde á historia universal. Unha Nación chea de singularidades, de pluralidades, forxada ao longo dos séculos e capaz de integrar todas as tradicións e todas as sensibilidade e de respectar as diversas identidades e culturas que acolle no seu seo. Unha Nación que basea nesa riqueza e nese patrimonio común o fundamento da súa forza como país.

España é un Estado Democrático, un Estado Social, un Estado de Dereito. E un Estado que permite aos seus territorios, nomeadamente a aquelas Comunidades con carácter histórico como Galicia, dotarse das maiores cotas de autonomía da súa historia.

Un país que soubo superar vellos enfrontamentos e avanzar mediante concordia e convivencia. Xuntos, os españois modernizamos o noso país, o integramos en Europa e acadamos presenza e liderado en todas as organizacións internacionais de relevancia. Xuntos, temos feito da tolerancia e solidariedade unhas das nosas maiores virtudes.

En definitiva, declaramos que os cidadáns e as cidadás de calquera parte do territorio nacional temos dereito a seguir sendo españois, libres, iguais, con obrigacións e dereitos fundamentais garantidos pola Constitución.

Dereitos como o de autonomía, que conferiu á cidadanía galega a capacidade de desenvolver institucións de autogoberno a través da aprobación en 1981 do seu Estatuto de Autonomía.

Unha organización institucional que ten contribuído de xeito decisivo ao importante desenvolvemento experimentado por Galicia nas últimas décadas.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno, para a defensa do estado de dereito e da cohesión de España :

“O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno do Estado e a todos os poderes públicos, administracións públicas e sociedade civil para:

- 1.- Poñer en valor a cohesión e a unidade de España, como principio plenamente compatible co desenvolvemento por parte de Galicia das súas capacidades de autogoberno e co exercicio das súas competencias dentro do marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- 2.- Respetar os dereitos e liberdades fundamentais de todos os cidadáns, e a que estes se desenrolen garantindo a convivencia e a concordia entre todos os españois.
- 3.- Poñer en valor a fortaleza democrática das nosas institucións.
- 4.- A posta en valor e defensa da nosa soberanía nacional, que non é nin vulnerable ni fraccionable.
- 5.- E instamos a todos eles, a todas as Institucións e á sociedade española á defensa e posta en valor do noso Estado de Dereito, dos nosos principios e valores constitucionais, do noso sistema de liberdades”.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/09/2015 18:54:40

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa das súas deputadas, **Consuelo Martínez García** e **Carmen Iglesias Sueiro** e ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O pasado 5 de setembro de 2015 produciuse un lutuoso accidente nun dos tramos do Rally da Coruña á altura de Carral. Sete persoas perderon a vida e 16 máis sufriron feridas de diferente consideración.

O accidente produciuse ao redor das oito da tarde e non puido acudir o helicóptero do 061 en auxilio das vítimas, non pola falta de luz, se non porque estaba fora do seu horario tras os recortes implantados pola Consellería de Sanidade.

Precisamente os helicópteros do 061 son un medio de grande importancia para operativos sanitarios onde o desprazamento até o lugar do accidente ou da asistencia sanitaria é dificultoso, cousa que sucedeu neste caso concreto. Segundo denuncia a CIG Saúde, os técnicos das ambulancias que acudiron á zona do accidente botaron en falta o apoio aéreo dado que os medios sanitarios por estrada tiveron que facer fronte ao atasco de tráfico en ámbolos dous sentidos da estrada de Carral, o que retrasou a súa chegada.

A CIG Saúde sinala que o horario do servizo do helicóptero é de 8 da mañá a 8 da tarde e que un único piloto non pode ampliar ese horario xa que superaría as 12 horas de voo, polo que non se puido cubrir o servizo no operativo de atención no accidente do Rally en Carral.



Porén, as horas de luz en Galiza no verán son de 16 horas e esta limitación a 12 horas de servizo xa ten impedido actuar, nos últimos meses, non só neste caso, se non noutros de infarto, afogamento ou accidentes de tráfico.

O 061 conta con dous helicópteros, un en Santiago e outro en Ourense. Ata fai un ano dependían da Vicepresidencia da Xunta. Co novo contrato de servizo pasaron a depender da Consellería de Sanidade que modificou o seu horario de atención e deixou de cubrir a totalidade da xornada con luz diúrna, a unha nova fórmula consistente en que un dos helicópteros atende 12h dende o abrente e outro 12h antes do solpor. Desta maneira existen faixas horarias que deixan descubertas zonas do territorio, como pasou en Carral.

O aforro económico desta medida é dun salario dun piloto e dun copiloto durante seis meses.

Polo anteriormente exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, en función da súa obriga de velar pola saúde dos galegos e galegas, a garantir que o helicóptero do 061 cubra a totalidade das xornadas con luz diúrna todo o ano en todo o territorio galego, sen deixar faixas horarias sen asistencia, con especial atención aos meses de verán onde as horas de luz son de 16 horas.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2015


Asdo.:

Consuelo Martínez García

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Carmen Iglesias Sueiro


Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 29/09/2015 10:57:14

Carmen Iglesias Sueiro na data 29/09/2015 10:57:21





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando á Xunta de Galiza a colaborar na investigación das posibles causas que motivaron o afundimento do bateiro Paquito nº Dos así como proceder ao seu reflotamento.

O buque bateiro Paquito nº Dos con base en Cabo da Cruz, afundiuse o pasado 16 de decembro a altura de Corrubedo cando navegaba rumbo a ría de Muros cargado de mexillón. Partira do porto de Cabo da Cruz ás 12:00 h do mediodía rumbo a un polígono de bateas na ría de Muros onde esta empresa tamén ten viveiros flotantes. Neste naufraxio desaparecían os seus tres tripulantes.

Dous días despois do sinistro Salvamento Marítimo informaba do rescate do cadáver dun dos tres desaparecidos a catro millas da illa de Sálvora, tratábase de Germán Fernandez, o patrón da embarcación. O dispositivo de rescate non localizou aos outros dous tripulantes que ata hoxe permanecen desaparecidos. E dende entón por parte da empresa armadora a pesares de terse localizado o barco fundido e de terse realizado unha inmersión cun aparello submarino provisto de cámara, nunca se interesou por o reflotamento do pecio.

O naufraxio produciuse en circunstancias pouco claras pois por parte das autoridades non se aclarou si a embarcación carecía de radiobaliza, balsa de salvamento, e outros dispositivos de seguridade e salvamento. A día de hoxe tampouco están esclarecidas as diferentes responsabilidades por parte de Capitanía Marítima, a Xunta de Galiza e a propia empresa. Existindo unha total falta de información por parte das



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintas administracións salvo o que nos ten trasladado a Consellaría de Medio Rural e Mar de que o titular da embarcación non contaba coas autorizacións regulamentarias para trasladar mexillón entre rías.

Pasa o tempo sen que se adoptara ningunha medida para esclarecer os feitos ocorridos, nin para proceder a subir a superficie o barco sinistrado. A falta de información e a falta de medidas concretas para a recuperación da embarcación trasladou as familias moitas dúbidas sobre cales eran as verdadeiras razóns de que non se rescatara a embarcación, incrementándose a angustia sobre a crenza de que puideran estar localizados os desaparecidos dentro do pecio.

Dúbidas que cada día que pasan aumentan e son compartidas por moitos veciños, que escenifican realizando diversas concentracións na localidade de Boiro, solidarizándose coas familias e reclamando o reflotamento da embarcación. Na última, centos de persoas percorreron a rúa Principal ata rematar nunha concentración na praza do Concello, onde novamente solicitaron o reflotamento do pecio, trasladando incluso a opinión pública a situación de que as familias se senten enganadas xa que hai empresas interesadas en realizar o reflotamento de forma gratuíta e non se lle autoriza.

Esta situación é preciso rematala canto antes, para elo urxe dar a coñecer os informes da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM), os informes de Capitanía Marítima relativos a si cumpría os requisitos de seguridade e salvamento e si contaba coas autorizacións regulamentarias para realizar dita navegación, así como as autorizacións pertinentes da Consellaría de Medio Rural e Mar relativos ao traslado de mexillón entre polígonos de diferentes rías.

Igualmente, e para tranquilizar as familias, é preciso facilitar e colaborar coa proposta de reflotamento do pecio para que dunha vez por todas se rematen as especulacións.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a colaborar na investigación das posibles causas que motivaron o afundimento do bateeiro Paquito nº Dos así como proceder ao seu reflotamento.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 29/09/2015 12:18:41

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 29/09/2015 12:18:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando a Xunta de Galiza a levar a cabo as inspeccións oportunas para que nos supermercados non se comercialicen as conservas que figuren coa denominación “Rías Gallegas”, “envasado en Galicia”, “fabricado en Galicia” impedindo o fraude ao consumidor

Ven de producir unha sentenza no Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra contra a empresa “Javimar” con sede no concello de Ribadumia, pola utilización na etiquetaxe do envasado do mexillón dos enunciados: “Rías Gallegas”, “envasado en Galicia”, “fabricado en Galicia” sen que as mesmas estean amparadas pola Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia.

A sentenza considera que se vulnera a legalidade vixente, que a mesma ben marcada pola normativa da DOP e que este tipo de etiquetaxe é unha práctica de competencia desleal e impón a esta conserveira unha multa de 15.000 euros e obrígana a retirada do mercado de todas as latas etiquetadas con esta denominación.

Esta sentenza pon en evidencia o que viña denunciando reiteradamente o Consello Regulador da Denominación de Orixe de Mexillón de Galicia que tras varios controis comprobou como se conculcaba a lei cando se envasaba e se etiquetaba mexillón que pasaba por galego cando en realidade era chileno, neozelandés ou chinés baixo estes enunciados. Incluso determinados padroados de turismo que promocionaban as nosas Rías Baixas tiveron a ben apoiar e subvencionar a promoción deste tipo de etiquetaxe que agora o Tribunal ven de prohibir, recoñecendo os argumentos do Consello Regulador o que supón un punto de inflexión na erradicación desta práctica



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fraudulenta e unha aposta clara para garantir a calidade e a orixe dos produtos transformados que se envasan en Galiza, garantindo a información clara ao consumidor.

A pesares desta sentenza vemos como a patronal conserveira no acolle con entusiasmo esta interpretación e que se apunta a confusión ao igual que a propia administración que aínda non deu un só paso para ver a incidencia na comercialización deste tipo de produtos, nin adoptou ningunha medida para eliminar esta situación de fraude, garantindo dunha vez por todas que o consumidor non sexa enganado.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar a cabo as inspeccións oportunas para que nos supermercados se retiren as conservas que figuren coa denominación “Rías Gallegas”, “envasado en Galicia”, “fabricado en Galicia” impedindo o fraude ao consumidor”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 29/09/2015 14:05:09

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 29/09/2015 14:05:13



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao mantemento dos postos de traballo que Vodafone ten en Galiza.

O incremento da liberalización do sector das telecomunicacións e, como consecuencia, a sucesiva modificación da cualificación do mesmo, que pasou de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector entre outras cuestións na destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Un claro exemplo é a empresa Vodafone, que ven de presentar un ERE que vai afectar a máis do 13% do seu cadro de persoal, que pretende xustificar na concorrência de causas económicas, organizativas e de produción, vinculadas á adquisición da empresa ONO.

A empresa ten en Galiza 193 traballadores/as, 127 na Coruña, 64 en Vigo, 1 en Lugo e 1 en Ourense, de aplicarse este ERE veríanse afectad@s 55.

Mais unha vez unha empresa multinacional que ten beneficios usa os instrumentos que puxo á súa disposición as infames reformas laborais contra @s traballadores/as, con despedimentos, explotación, sobrecarga de traballo.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta pretensión o Goberno galego non pode ficar indiferente, debe actuar, sobre todo tendo en conta que ten contratos de subministro de servizos con esta empresa, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Desenvolver diante da empresa cantas xestións sexan necesarias para garantir o mantemento dos postos de traballo que a empresa Vodafone ten en Galiza.
- Que faga valer o contrato de subministro de servizos que ten con Vodafone para garantir o mantemento dos 193 postos de traballo que ten en Galiza.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2015

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 29/09/2015 15:12:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 42093
Data envío: 29/09/2015 15:18:59.664



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 29/09/2015 15:12:24

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno Feijoo ten montado un tremendo lío cas vacinas, ata o punto de que a cidadanía sentiu a necesidade de organizarse en plataformas para reivindicar o dereito a vacinación dos seus fillos e fillas.

Primeiro foi ca vacina da varicela, cando decidiron retirala das farmacias galegas para evitar que se puxera aos menores de 12 anos, idade na que se contemplaba no calendario das vacinas para agora e despois destes anos de confusión e protestas incorporala oficialmente no calendario das vacinas na primeira infancia. A decisión de retirala das farmacias provocou que as familias galegas se tiveran que desprazar a Portugal a mercala para seguir as indicacións dos e das pediatras que a seguían recomendando antes dos 12 anos.

Despois o lío foi ca vacina da Meninxite B. Vacina nova, moi ben acollida polos profesionais de Pediatría de Galicia por tratarse dunha protección contra unha enfermidade moi grave e de alta incidencia na nosa comunidade. Pero o Goberno Feijoo decidiu reservala só para uso hospitalario. Algo que non compartía a comunidade científica nin a cidadanía, testemuña directa que algúns hospitais privados fixeron ca mesma mentres non se tomaron medidas para impedi-lo.

Non se tivo en conta o brote que desa meninxite houbo na provincia da Coruña nin as mortes que ese brote causou.

Non se tivo en conta o acordo parlamentario que aprobou a súa inclusión no calendario das vaciñas. Ata fai uns días o Goberno non permitiu o acceso a esa vacina, e agora que por fin o permite o fai previo pago xa que so autorizou a súa venda nas farmacias.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Consideramos que si a utilidade e a seguridade da vacina da Meninxite tipo B esta probada e respaldada pola comunidade científica, onde ten que estar é no calendario das vacinas da nosa Comunidade Autónoma e non limitar a súa aplicación ao poder económico das familias.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que adopte as medidas oportunas para que antes de finalizar o ano 2015 a vacina contra a a meninxite tipo B este incluída no calendario das vacinas obrigatorias.”

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Álvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 29/09/2015 16:44:25

Carmen Gallego Calvar na data 29/09/2015 16:44:32

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 29/09/2015 16:44:39

Jose Luis Méndez Romeu na data 29/09/2015 16:44:45

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **José Ramón Val Alonso, Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A división de zonas de pesca por parte da FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación), trala aprobación na UE do regulamento comunitario 1379/2013, contén un profundo esquecemento en opinión do Grupo Parlamentario Socialista.

A pesares de que un dos principios recollidos neste Regulamento é o de facilitar a maior información ó consumidor, tal e como se establecen no punto 21 do preámbulo do mesmo, "Co fin de habilitar aos consumidores para que podan elixir con coñecemento de causa é necesario que dispoñan dunha información clara e completa acerca de, entre outras cousas, a orixe e o método de produción dos produtos", isto non se cumpre, xa que a maior rexión pesqueira da Unión Europea é obviada na división de áreas xeográficas de pesca.

Á nomenclatura zona FAO 27, que é a que corresponde a Galicia, hai que acompañar desde á aprobación deste regulamento coa nomenclatura da subzona proposta, que no que atinxe ás augas galegas, son dúas, a subzona VIII denominada " Bay of Biscay" e a subzona IX denominada " Portuguese Waters".

Isto non cabe dúbidas de que está a xerar xa uns graves problemas ós produtores galegos que, por una banda, tratan de diferenciar o seu produto para poder comercializalo cun mellor prezo optando pola potenciación das denominacións de orixe as indicacións xeográficas protexidas , etc... mentres que a normativa o único que fai é confundir ao consumidor en troques de aportarlle unha mellor información.

Grupo Parlamentario

Galicia é, sen lugar a dúbidas, a rexión máis importante en materia pesqueira e marisqueira da UE, e como tal debe de ser tratada á hora de redactar normativa en esta materia.

Por todo o anteriormente descrito, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta ó Goberno Galego a promover unha modificación normativa diante da UE para que os consumidores podan ter acceso a toda a información sobre o que consumen e onde se especifique claramente Galicia como lugar de orixe."

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2015

Asdo.: José Ramón Val Alonso
Manuel Gallego Lomba
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 29/09/2015 17:20:32

José Manuel Gallego Lomba na data 29/09/2015 17:20:46

Noela Blanco Rodriguez na data 29/09/2015 17:20:52

Jose Luis Méndez Romeu na data 29/09/2015 17:20:57

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Patricia Vilán Lorenzo, Beatriz Sestayo Doce, M^a Soledad Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Resulta evidente que a oficina xudicial é un instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional.

O Goberno da Xunta de Galicia elaborou un borrador de decreto para implantar os servizos comúns procesuais en Galicia: Rexistro, reparto e dixitalización; notificacións; embargos e auxilio xudicial; correo; arquivo; estatística e atención á cidadanía e á vítima. Quedaron excluídos os servizos comúns de execución e de ordenación do procedemento e as unidades administrativas.

Segundo informacións recollidas expresamente na Memoria Xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o ano 2014, o borrador estaba en fase de consulta cos distintos operadores xurídicos a finais de 2014, sendo previsible a súa aprobación ao longo de 2015.

Por estes motivos, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte proposición non de lei:

 Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar medidas urxentes para que a nova oficina xudicial estea implantada nos Xulgados das 7 cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial antes de que remate o ano 2015.”

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2015

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Beatriz Sestayo Doce
M^a Soledad Soneira Tajés
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/09/2015 17:59:46

Beatriz Sestayo Doce na data 29/09/2015 18:00:01

María Soledad Soneira Tajés na data 29/09/2015 18:00:19

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 29/09/2015 18:00:33

Jose Luis Méndez Romeu na data 29/09/2015 18:00:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á utilidade social que o Goberno Galego prevé para a empresa pública de servizos agrarios SEAGA e ao progresivo deterioro das condicións de servizo e laborais dos e das traballadoras.

A empresa pública de servizos agrarios SEAGA naceu coa clara vocación de ser unha empresa instrumental ao servizo da administración pública galega e coa finalidade fundamental da realización de obras, servizos e actuacións no medio rural, tanto no ámbito agrario como forestal.

De forma complementaria e coa finalidade de dotar de maior estabilidade, formación e profesionalización o reforzo de verán do dispositivo de loita contra incendios forestais, prevíase a participación dos seus e das súas empregadas en tarefas de extinción durante ese período, integrándose no dispositivo.

Deste xeito habería un continxente de persoal coa formación adecuada para a realización de traballos forestais e cun alto grao de profesionalización, e que durante os meses de máximo risco poderían integrar con garantías o dispositivo de loita contra os incendios. Un continxente de persoas que ademais terían unhas condicións laborais de certa dignidade e non un contrato de fixo-discontinuo que lles permite ter un posto de traballo un máximo de 3 meses ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano.

Porén na actualidade a realidade é ben outra. Na actualidade arredor de 500 traballadores e traballadoras da empresa pública SEAGA son contratados unicamente no verán, supostamente para a realización de labores de prevención. Curioso que a administración descoñeza a lei á hora de planificar a súa política de silvicultura e infraestruturas preventivas, e que descoñeza tamén que gran parte dese tempo teñen que destinar as brigadas a extinción no canto de prevención, por moito que se empeñen en disfrazar a realidade para financiarlas con fondos FEADER.

Fronte a esta situación de precarias condicións laborais en SEAGA, a empresa pública no canto de procurar carga de traballo para garantir máis tempo de traballo aos e ás súas empregadas, ten como práctica habitual a subcontratación de traballos que se lle encomendan, e que podería facer por si propio.

Todo isto ten como corolario a ausencia de convenio colectivo que ordene as relacións laborais no seo da empresa ao que se engade un sistemático incumprimento do marco normativo toda vez que se está incumprindo o disposto na Lei 16/2010, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galiza.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista esta situación é intolerable tanto no que atinxe á propia definición da política de xestión forestal e de loita contra os incendios forestais así como en relación coa xestión económica e do persoal dunha empresa pública. Resulta incomprensíbel a inhibición tanto



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos xestores da empresa pública como da propia administración ante as reiteradas peticións, propostas e demandas realizadas pola representación legal dos e das traballadoras.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas en relación coa xestión económica e do persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios SEAGA:

1.- Incrementar a carga de traballo da Empresa Pública SEAGA a través da encomenda de todas aquelas actuacións do Goberno Galego relacionadas cos fins e cometidos de dita empresa. As cláusulas desta encomenda recollerán expresamente a obriga de realizar os traballos con persoal da propia empresa, a prohibición da subcontratación e a obriga de procurar a estabilidade no emprego dos e das súas empregadas.

2.- Realizar de inmediato todos os trámites e xestións para a aplicación do disposto na Lei 16/2010 en relación coas empresas públicas.

3.- Reorientar a política de prevención de incendios forestais de forma que esta se verifique antes do inicio do período de máximo risco de incendios e evitando a sobre carga dos e das traballadoras no período no que teñen que enfrontarse á loita contra os incendios.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Establecer, en coordinación coa empresa, as medidas necesarias para garantir que todos os e as traballadoras da empresa pública SEAGA gocen dun período mínimo de traballo efectivo de 6 meses durante cada ano.

5.- Revisar as bases nos procesos selectivos de persoal laboral do dispositivo de loita contra incendios forestais de Galiza, tanto no caso de contratación temporal como fixa, de tal forma que se inclúan como méritos a computar na fase de concurso, a experiencia laboral ao servizo da empresa pública SEAGA.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/09/2015 12:30:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2015 12:56
Nº Rexistro: 42135
Data envío: 30/09/2015 12:56:59.951



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/09/2015 12:30:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación coa colaboración do Goberno Galego cos concellos de Petín e A Rúa na solución dos problemas de abastecemento de auga.

Os Concellos da Rúa e Petín abastécense a día de hoxe por dúas captacións comúns. A principal delas é a que recolle as augas de Santa Olaia nunha represa que se atopa en San Fiz. Desde esa presa baixa unha tubaría até o depósito de cabeceira de 1.500.000 litros de capacidade no Campelo (Petín) e desde aí repártese aos respectivos depósitos de cabeceira de Petín e A Rúa.

Este último depósito da Rúa non se enche nunca porque a sección do tubo que vén desde Petín non é suficiente nin en épocas de auga abundante pola súa parte, o depósito do Campelo non se enche nas épocas de máis seca do ano. Ademais, non está conectado a toda a rede de abastecemento da Rúa polo que hai barrios como Fonteí, Vilela, e a Rúa Vella que teñen as súas propias captacións en regatos próximos cos seus respectivos depósitos e que están arredor dos 15.000 litros.

Para arranxar os problemas de abastecemento utilízase ademais na Rúa un sistema de bombeo desde o encoro de San Martiño que fai a toma de augas á beira da depuradora e que vén tendo un custo anual en electricidade de entre 6000 e 7000 € (6552,38 en 2014) e introducindo no subministro auga que non cumpre coas calidades requiridas.

Ante esta situación na época do bipartito os dous concellos elaboraran un proxecto para facer unha nova captación no Río Mao que solucionara definitivamente o problema e que naquel momento só contemplaba a traída de auga ate o Campelo e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valoraba a obra nuns 600.000 €.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, este proxecto resultaba moi interesante porque sería unha traída por gravidade e non por bombeo; isto faría que o investimento inicial fose maior pero os gastos de mantemento infinitamente menores e con custes enerxéticos máis sostibiles.

Actualmente os Concellos de Petín e da Rúa queren retomar este proxecto, cunha modificación para incluíren nel a canalización da auga desde o depósito do Campelo até o depósito de cabeceira da Rúa e dese a toda a rede de subministro ruesa, o que permitiría eliminar todas as traídas secundarias que hoxe se utilizan e que ocasionan numerosos problemas de diferente índole, incluso relacionados coa salubridade e co cumprimento dos parámetros de calidade das augas para o consumo humano.

No caso da Rúa de non abordarse unha solución integral a situación pode derivar en insostíbel provocando un grave problema de abastecemento. Esta solución ten que vir necesariamente da man da colaboración do Goberno Galego, a través de Augas de Galicia para a posta en marcha das obras e actuacións necesarias para resolver esta problemática, que doutra forma para os concellos resulta imposíbel.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a que adopte as seguintes medidas para resolver os problemas de abastecemento de auga nos concellos de A Rúa e Petín:

1.- Asinar cos concellos de Petín e A Rúa un convenio para a solución dos problemas de abastecemento e para establecer as condicións e financiamento da elaboración dos proxectos necesarios e para a execución das obras.

2.- Elaborar en colaboración cos concellos de A Rúa e Petín un proxecto para



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facen unha nova captación no Río Mao até o depósito do Campelo, que solucionara definitivamente o problema, e para a canalización da auga desde o depósito do Campelo até o depósito de cabeceira da Rúa e dese a toda a rede de subministro ruesa, o que permitiría eliminar todas as traídas secundarias que hoxe se utilizan.

3.- Incluir nos orzamentos da Xunta para o ano 2016 os recursos necesarios para iniciar a execución de ditas obras antes do mes de marzo do ano 2016, así como as previsións de financiamento das diferentes fases e anualidades.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/09/2015 13:24:06

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/09/2015 13:24:10



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación das supostas débedas dos montes veciñais derivadas dos consorcios e/ou convenios.

Os montes veciñais en man común son unha peza esencial do territorio galego xa que representan un terzo do total e porque son claves como base para a súa ordenación e posta en valor.

A vixente lei de montes de Galiza, lei 7/2012, do 25 de xuño, na súa disposición transitoria novena establece, logo da súa modificación no mes de decembro pasado, que no mes de xuño de 2018 todas as comunidades de montes que á entrada en vigor da lei tivesen os seus montes veciñais con consorcio ou convenio deben saldar as supostas débedas derivadas destes ou en caso contrario estarán obrigadas a asinar un contrato de xestión cunha empresa forestal privada. Na práctica, veranse expropiados do uso do seu monte, por certo como xa ocorrera durante o franquismo.

Esa modificación na lei foi consecuencia dunha manifestación de persoas comuneiras que tivo lugar fai algo menos dun ano. Daquela tamén por parte do Goberno Galego, a través do Secretario Xeral de Montes, asumiu o compromiso coas entidades relacionadas con este sector de abordar tanto a verificación do cumprimento desta disposición como da cuantificación desas supostas débedas.

A día de hoxe, transcorrido case un ano, este Grupo Parlamentar non tivo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento de que se teña producido ningún avance neste ámbito.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego á condonación das supostas débedas dos montes veciñais derivadas da existencia de convenios e/ou consorcios á entrada en vigor da lei de montes de Galiza e a que para tal fin se establezan nos orzamentos xerais para o ano 2016 as medidas necesarias para o cumprimento de dita condonación.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/09/2015 14:05:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 42149
Data envío: 30/09/2015 14:06:28.175



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/09/2015 14:05:28

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.


O Plan Proa (Programas de Reforzo, Orientación e Apoio) foi concibido como un proxecto de cooperación territorial entre o Ministerio de Educación e as CCAA, e pretende abordar as necesidades asociadas ao entorno sociocultural mediante un conxunto de programas de apoio dos centros educativos:

- Programa de acompañamento escolar en primaria .
- Programa de acompañamento en secundaria .
- Programa de apoio e reforzo en educación secundaria .
- Liñas de actuación do programa de apoio e reforzo a centros de educación secundaria .

A situación de desvantaxe educativa dalgúns /algunhas alumnas ten a miúdo a súa orixe en circunstancias de carácter persoal ou sociocultural , asociados con frecuencia á situacións de risco ou marxinación no entorno no que viven .

Por outra banda, para acadar unha educación de calidade para todas requírese o esforzo tanto dos membros da comunidade educativa directamente implicados como do entorno social no que se desenvolve a educación . Así pois, a educación é cada vez máis unha responsabilidade colectiva, desenvolvida ao longo de toda a vida e cunha forte influencia do contexto territorial e social no que vive .

O Plan PROA ofrece recursos aos centros educativos para que, xunto aos demais actores da educación, traballen nunha dobre dirección: contribuír a



debilitar os factores xeradores de desigualdade e garantir a atención aos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social .

Perséguese tres obxectivos estratéxicos: lograr o acceso a unha educación de calidade para todas/os, enriquecer o entorno educativo e implicar á comunidade local con medidas como potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades; axudarlle na formación do seu autoconcepto e na súa integración social; facilitar a continuidade na progresión da acción educativa; incrementar a relación e a comunicación coas familias, favorecendo así a súa implicación no desenvolvemento dos seus fillos e das súas fillas, etc.

Na Galiza, segundo datos da web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, os datos deste programa rematan no ano 2010/2011.

Porén, pese a aparecer na web como un dos programas e plans da consellería, non ten contido algún a día de hoxe.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o Programa “PROA” (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio) dotando dos profesionais e recursos necesarios para a súa implantación en todos os centro educativos que así o soliciten neste período lectivo e comprometéndose a que teña continuidade nos seguintes.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.:


Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 30/09/2015 14:52:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os novos Plans de Bacía que o Consello de Ministros pretende aprobar en bloque e que marcarán o futuro da xestión das augas e dos ríos ata o ano 2021, supoñen un duro golpe para a sociedade. Ao esquecer o coidado e a recuperación dos ríos, os humedais e os acuíferos subterráneos, os plans poñen en risco a dispoñibilidade de auga en cantidade e calidade, tanto no momento actual como no futuro.

O Goberno presentará no Consello Nacional do Auga do próximo 30 de setembro os Plans Hidrolóxicos das bacías intercomunitarias correspondentes ao segundo ciclo de planificación, 2016-2021. Todas as organizacións ambientais e cidadás que forman parte dos Consellos do Auga das Demarcacións que afectan a máis dunha Comunidade Autónoma coinciden en que os Plans Hidrolóxicos presentados seguen sen incorporar os cambios imprescindibles respecto dos actualmente vixentes. Estes Plans incumpren unha vez máis os requirimentos e os obxectivos de alcanzar o bo estado dos ríos, lagos e acuíferos, que esixe a Unión Europea a través da Directiva Marco da Auga (DMA), como evidencia o procedemento que a Comisión Europea abriu contra España.

Os Plans Hidrolóxicos presentados perderon a oportunidade de terminar co desgoberno e descontrol do uso do auga en España. Con isto non só se pon en perigo a saúde dos ecosistemas acuáticos, senón sobre todo a capacidade para asegurar auga en cantidade e calidade suficiente para a sociedade e as xeracións futuras. As ferramentas que plantexa a DMA esixen un cambio de mentalidade que as administracións do auga en España (confederacións hidrográficas) se resisten a realizar. O auga é un ben público e, xa que logo, a planificación debe atender ao interese da

sociedade no seu conxunto; pero os novos plans céntranse en seguir servindo a determinados intereses particulares, desoíndo conscientemente o artigo 45.2 da Constitución Española.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao goberno central a modificación dos Plans Hidrolóxicos das bacías intercomunitarias que afecten a Galiza para adaptalos á Directiva Marco da Auga da Unión Europea.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 30/09/2015 16:41:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao cumprimento da obriga de reinvestimentos nos montes veciñais.

A vixente lei de montes de Galiza, no seu artigo 125 establece a obriga dos montes veciñais en man común de reinvestir parte dos seus ingresos no propio monte. Curiosamente a respecto dos montes de titularidade privada non se establece ningunha obriga similar. Ou, o que resulta aínda máis pintoresco e indicativo da orientación desta lei: aqueles montes veciñais que pasan a ser xestionados por unha empresa privada están exentas desta obriga.

En relación coa obriga das comunidades de montes a lei 7/2012 non fai ningún tipo de distinción tendo en conta a enorme diversidade e diferenza existente entre as comunidades de montes. Existe unha gran disparidade no nivel de organización, xestión optimización das súas potencialidades nas comunidades de montes. Esta realiadade fai que non realizar ningún tipo de distinción á hora de establecer a obriga de reinvestimento do 40% dos ingresos do monte, sexa unha enorme distorsión.

Na actualidade aínda non se desenvolveu regulamentariamente a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aplicación do disposto no artigo 125, polo tanto desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que se debera aproveitar para que se establezan diversos niveis de reinvestimento en función da situación de organización, xestión, ubicación, etc, do monte veciñal.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as medidas legais necesarias para que na aplicación dos reinvestimentos na mellora do monte dos ingresos dos montes veciñais previstos no artigo 125 da Lei 7/2012 se estableza unha gradación da porcentaxe en función dos seguintes criterios:

1.- Que no caso de montes que contén con instrumentos de xestión vixentes se aplique a porcentaxe que figure en dito documento.

2.- Que con carácter xeral, para os montes veciñais que non dispoñan de instrumento de xestión se estableza a obriga e reinvestimento do 40% dos ingresos

3.- Que se establezan excepcións para aqueles montes veciñais que teñan circunstancias como un nivel precario de organización; as ubicadas en lugares cun nivel de veciñanza moi reducida e envellecida ou cunha perda



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

demográfica acusada, nas que se debe primara función dos montes veciñais como xeradores de rendas adicionais para a fixación de poboación. Nestes casos establecerase unha obriga de reinvestimento dun 15% revisábel anualmente.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/09/2015 17:36:20

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/09/2015 17:36:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos instrumentos para a creación de unidades produtivas de superficie suficiente para facer sustentábel o aproveitamento do monte.

Sen entrar en profundidade no debate en relación coas causas e connotacións negativas que ten o minifundio das parcelas forestais en Galiza, o que resulta incuestionábel é que o factor superficie é determinante para a realización de proxectos que poñan en valor todas as potencialidades do monte.

En Galiza aproximadamente o 65% da superficie forestal está configurada por montes de particulares que na súa inmensa maioría son parcelas de superficie moi reducida. Neste caso unha das solucións para lograr unidades produtivas viábeis pasa por poñer as parcelas en común, de forma cooperativa e participativa dos e das propietarias.

Esta era a orientación que tiñan as Unidades de Xestión Forestal que se regulaban na Lei 3/2007, de prevención de incendios forestais de Galiza e que foron primeiro denostadas e ninguneadas e xa, posteriormente, definitivamente eliminadas da nosa regulación en materia de montes.

Actualmente a única alternativa posíbel son as Sociedades de Fomento Forestal (Sofor) nas que a xestión das terras en común queda sometida a fórmulas mercantís, grande aposta do Goberno do Partido Popular e que ten demostrado ser un instrumento que fracasou a tenor dos datos de constitución desde a súa regulación no ano 2010.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a introducir novamente na nosa regulación en materia de montes modelos de agrupación do tipo das extintas Unidades de Xestión Forestal e a fomentar a súa constitución e posta en funcionamento facéndooas destinatarias dos incentivos existentes para outras figuras con similares obxectivos.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 30/09/2015 18:31:49

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/09/2015 18:31:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións que é preciso realizar para o mantemento dun aparcadoiro público na estación de Adif en Vilagarcía de Arousa.

A estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa tense convertido nunha estación das máis usadas dentro do Eixo atlántico, e este feito fai que sexan miles de veciños e veciñas @s que pasan pola mesma a diario.

Tendo en conta que unha gran parte dos usuarios son dos arredores de Vilagarcía de Arousa, isto conleva que ademais dos servizos do transporte público tamén exista un número importante no desprazamento destas persoas en transporte privado.

Entendemos que para este fin foi concibida e proxectada no seu día a praza pública da estación, un espazo que acollese esta necesidade de aparcadoiro tanto para os transportes públicos e de tránsito, como tamén para aqueles que, tendo decidido o uso do tren como medio para desprazarse, vense na necesidade de deixar o seu vehículo por un tempo neste aparcadoiro/espazo público.

O Adif ten presentado un proxecto para mudar este aparcadoiro, converténdoo nun aparcadoiro de pago.

O BNG considera tremendamente negativa para os veciñ@s de Vilagarcía e da comarca do Salnés, mostramos a nosa oposición a este proxecto de aparcadoiro de pago



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e consideramos que esta praza da estación debe seguir sendo pública como ata o de agora.

A privatización deste espazo vai prexudicar de forma moi importante primeiro aos usuari@s deste servizo, sobre todo daqueles que o utilizan a diario (estudantes e traballadores). Un prexuízo que por incidir en colectivos máis vulnerábeis economicamente, pode ter ademais, un efecto disuasorio do uso deste medio de transporte e como consecuencia o deterioro para a propia estación ademais do medio de transporte, segundo aos veciñ@s que usan a diario este aparcadoiro e que se verían na obriga de ter que buscar unha alternativa que non posúen, terceiro para a propia cidade de Vilagarcía ao servir este espazo para aliviar a necesidade de aparcadoiros no casco urbano.

Consideramos este proxecto inviábel dado que, ademais ocupa espazo público mais aló do propio terreo de Adif, coa instalación dunha caseta, tamén propón cambios na circulación de transporte pesado, para carga e descarga, por unha vía que non podería asumir dito tránsito, e menos, no caso de levarse adiante o proxecto do aparcadoiro privado.

Dende o BNG consideramos polo tanto que a decisión por parte de Adif de privatizar este servizo nesta praza da estación, ademais de non cumprir coa legalidade urbanística actual, provocaría un gran prexuízo non só para @s usuari@s e para a cidade de Vilagarcía, senón que tamén para o uso do transporte público, que é tan preciso potenciar.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Demandar do Goberno español e do Adif que desista da pretensión de converter o aparcamento público situado diante da estación de Vilagarcía en aparcadoiro de pago e non autorizar a construción deste aparcadoiro.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 30/09/2015 18:51:54

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/09/2015 18:52:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno**, instando ao Goberno galego a adoptar medidas para que as conclusións da 1ª Xornada Técnica de Reflexións sobre Pesca Artesanal organizada pola Federación de confrarías de Lugo sexan unha realidade.

Ven de organizarse unha Xornada Técnica por parte da Federación Provincial de Lugo, os pasado 28 e 29 de setembro que tivo como convidados a representantes dos pósitos de toda a franxa cantábrica e onde puideron reflexionar sobre as distintas problemáticas que está a vivir o sector relacionado coa extracción de recursos mariños.

Ao termo deste encontro elaboraron unha folla coa conclusións denominado “1ª Xornada Técnica de Reflexións sobre Pesca Artesanal e que podería ser unha boa ferramenta para establecer un principio de acordo entre todos para enfrontar os graves problemas que está a padecer o sector, que resumiría en:

- Definición de pesca artesanal
- Manifestar a nosa posición contraria ao proxecto de Real Decreto de organizacións profesionais do sector pesqueiro, que prevé que unha organización



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de produtores se poida constituír con só 3 membros e un valor económico do 2,5% dun segmento de pesca.

- Propoñer que a flota artesanal non estea incluída no sistema de Tac's e cotas.

- Delimitar a práctica habitual de enrole de persoal alleo a tripulación cun tempo máximo.

- Eliminar a continua renovación das titulacións no sector pesqueiro coa correspondente aplicación de taxas.

- Manter e aumentar os fondos para a retirada e almacenamento dos produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura máis alo do 2018 e garantir un prezo digno.

- Homoxeneizar a normativa de 1ª venda.

- Considerar as ITQ's (cotas individuais e transferibles) como un sistema inaplicable e prexudicial para a pesca artesanal. Considerar a individualización de cotas (por barco, organización ou CCAA) en base a criterios que contén co maior acordo posible.

- Solicitar axudas que posibiliten o mantemento social e económico da flota e rematar cons fondos ao despezamento.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para a o seu tratamento en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar medidas para que as conclusións da 1ª Xornada Técnica de Reflexións sobre Pesca Artesanal organizada pola Federación de Confrarías de Lugo sexan unha realidade.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 01/10/2015 11:49:26

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/10/2015 11:49:32

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente vén de publicar o Real Decreto 849/2015 de 28 de setembro no que se establecen as normas reguladoras para a concesión directa de axudas “de minimis” destinadas a compensar ao sector lácteo pola súa situación insostible.

Este Real Decreto é a concreción das axudas de 300 millóns de euros que anunciou a bombo e platillo o Ministerio de Agricultura durante a mobilización dos gandeiros galegos. Porén, o Real Decreto fixa un máximo a conceder de 20 millóns de euros.

No que toca a Galiza, percibirán axudas de 300 euros por vaca aquelas explotacións que entre abril e xullo cobrasen o quilo de leite por debaixo dos 24,5 céntimos, mentres que en Andalucía poderán beneficiarse todas as granxas que tivesen prezos de menos de 31,5 céntimos por litro no mesmo período.

Para as axudas de 110 euros por vaca, en Galiza esíxese que meses meses se cobrase menos de 27 céntimos, mentres que en Andalucía poderían acceder á subvención aquelas que tivesen prezos de ata 34 céntimos.

O goberno central emprega, para dar estas axudas, unas referencias de custos de produción que obvian conceptos como as amortizacións ou a necesidade de que os labregos teñan ingresos. Ademais, estas referencias non se basean nos custos de produción medios ou nun tipo de granxa, senón que toman como modelo o andaluz.

Polo tanto, o Ministerio establece uns niveis de rendibilidade como baremos baseados nos datos da Rede Nacional de Granxas Típicas (Rengrati). Xa que logo, as explotacións con dereito ás axudas de 300 euros serían aquelas que cobren o leite por baixo da contía necesaria para ter un beneficio efectivo, **pero** a orde do BOE non computa entre isto nin as amortizacións en instalacións ou maquinaria nin as perdas patrimoniais ou de capital, no caso de que as houbera. No caso das axudas de 110 euros, serían para aquelas que perciban un importe menor ao prezo do leite necesario para alcanzar beneficio segundo conta de explotación, pero neste caso non se ten en conta ningunha remuneración para os gandeiros.

En Galiza, a media de vacas por granxa é de 31 e unha produción de 200.000 quilos, pero a referencia de Rengrati é a dunha explotación con entre 50 e 60 vacas e unha produción de entre 500.000 e 550.000 quilos.

En suma, se ben é no noso país onde reside o maior problema de subsistencia para as granxas de leite, como así demostraron as mobilizacións recentes, o Ministerio concede as axudas con criterios que benefician máis ao modelo máis diferente do galego.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Dirixirse ao Ministerio de Agricultura trasladando a oposición a este Real Decreto lesivo para os intereses dos gandeiros galegos.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado un sistema de axudas que non discriminen aos gandeiros galegos.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 01/10/2015 12:39:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á reversión da decisión de privatizar parte das funcións que lle corresponde desempeñar @s celadores/as no Novo Hospital de Vigo.

O luns 28 de setembro @s celadores/as da Área sanitaria de Vigo iniciaron un peche no Novo Hospital de Vigo, en denuncia do entrusismo laboral que supón que persoal dunha empresa privada, empezaran a realizar parte das funcións que o Estatuto de Persoal non Sanitarios e o Estatuto Marco recolle que lle corresponde facer @s celadores/as.

A dirección da EOXI de Vigo procedeu a comunicar que “ @s celadores/as só se encargarán do traslado de doentes, o resto será levado polo servizo de transporte”.

Este persoal dependente da empresa concesionaria do Novo Hospital de Vigo e contratado por Servimóvil a través dunha ETT, está a realizar as funcións de traslado interno de mostras biolóxicas, mostras de sangue, medicación, distribución de material, documentación confidencial, correo interno, citostáticos, material de esterilización...

É evidente que a Xunta de Galiza está a privatizar unha parte moi importante das funcións que lle corresponde realizar @s celadores/as. Privatización a favor d@s chamados TIXA, transporte interno e xestión auxiliar.

O Sergas está a substituír o persoal estatutario da categoría de celador/a, con



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceso ao sistema sanitario público a través de OPE, onde son avaliados de normas de hixiene, traslados, manipulacións, normativas etc., por persoal con contratos precarios, con menores salarios, traballando máis horas e sen cualificación contrastada.

Non hai ningunha xustificación para esta decisión da EOXI de Vigo, que non sexa dar un paso máis na privatización dos servizos do Novo Hospital de Vigo, porque non supón ningún aforro e si unha duplicidade e unha intromisión, por estas razóns preséntase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a súa decisión de privatizar, a favor dunha empresa privada, unha parte moi importante das funcións que o Estatuto Marco establece que lle corresponde realizar aos celadores/as, de xeito que todas sexan realizadas por estes.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2015

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s.do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Monserrat Prado Cores na data 01/10/2015 13:44:21

Daniel Rodas Chapela na data 01/10/2015 13:44:27

María do Carme Adán Villamarín na data 01/10/2015 13:44:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela** e da deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando ao Goberno galego a realizar xestións diante do Goberno español e o Comisario de Pesca para incluír no acordo pesqueiro con Mauritania as posibilidades de pesca da flota cefalopodeira galega.

O pasado 10 de xullo a UE ven de asinarse un novo acordo pesqueiro con Mauritania no que se viña negociando dende que o anterior de 2 anos de duración expirara a finais do 2014.

O novo acordo deixa fóra a flota cefalopodeira galega e unicamente supón renovar as posibilidades de seguir faenando da flota marisqueira principalmente. O acordo anterior que fora cualificado pola flota galega como o peor acordo pesqueiro que levou a cabo a UE con terceiros países volve a ratificarse case que nas mesmas condicións aínda que o Estado español intente maquillar a negociación coa diminuindo da contrapartida financeira que pasa dos 67 millóns aos 55 millóns, debemos lembrar que na mesma proporción baixan o dereito das capturas que descendan de 300.000 ton a 225.000 ton.

Tamén se volven reeditar as anteriores condicións de que as tripulacións deben contar con un 60% de persoal mauritano ou que as descargas deben realizarse no porto de Nuadibú.

O acordo é extensible a pesca de especies peláxicas como a gamba ou o atún, a pesca do arrastre de pescada negra así como o palangre de fondo para especies distintas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da pescada. Pero o grave da situación é que novamente queda excluída a flota cefalopoderia galega e durante a negociación nada transcendeu da posición da Xunta de Galiza diante do Goberno do estado ou de Bruxelas.

Este acordo debe ser aprobado pola Comisión e polo Parlamento europeo e nas próximas semanas vanse retomar as negociación e dado que o Comisario de Pesca, Karmenu Vella é o momento de posicionar con claridade a necesidade que ten a flota cefalopodeira de volver a Maruitania.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a realizar xestións diante do Goberno español e o Comisario de Pesca para incluír no acordo pesqueiro con Mauritania as posibilidades de pesca da flota cefalopodeira galega.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 01/10/2015 17:43:55

María do Carme Adán Villamarín na data 01/10/2015 17:43:58

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA**

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
 - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727